

A EMOCIÓN DE APRENDERMOS A TRANSFORMAR

Dereitos da Infancia e participación

- No discriminación.
- Interés superior.
- Derecho a la vida y a la supervivencia y al

Edición electrónica



educo
Member of ChildFund Alliance



A EMOCIÓN DE APRENDERMOS A **TRANSFORMAR**

Dereitos da Infancia e participación

Edición electrónica



Educo, decembro 2015

Edición electrónica

Depósito Legal: B-9949-2016 (da edición física)

Coordinación e redacción:

Olga García e Equipo Crac – educación para la participación.

Producción:

Elisenda Gonzalez, Gema Luengo, Iratxe Mentxaka, Jaime Machicado, Juanvi Plaza, Miguel Rodríguez, Montse Bobes e Paula Rojas.

Corrección:

Christine Antunes

Tradución:

Andrés Taboada Casteleiro

Ilustracións:

Agustín Garriga

Deseño editorial:

Manuel Romero Higes

Agradecementos:

Queremos darlles as grazas especialmente ás nenas e nenos que xunto aos seus profes e educadoras participaron na elaboración deste material, probando, validando e mellorando as actividades:

Foro Infantil de Rivas Vaciamadrid (Madrid)

Kukua - proxecto de apoio escolar para nenos e nenas en situación de risco de exclusión de Getxo (Bizkaia)

Agora – Sant Cugat (Catalunya)

Consejo de Infancia de Mataró (Catalunya)

Colegio Santiago Apóstol – Cabanyal (Valencia)



Os contidos desta publicación están suxeitos a unha licenza Creative Commons 3.0 Unported. Permítese a súa reprodución e difusión sen fins comerciais, a condición de que se cite a fonte. Calquera alteración, transformación ou derivación desta obra só pode distribuírse baixo unha licenza idéntica a esta.

Para máis información sobre os temas tratados neste documento, póñase en contacto con:

docencia@educo.org



1. A XEITO DE INTRODUCCIÓN

páxina 9

2. ALGUNHAS CUESTIÓNS PREVIAS

páxina 11

3. INSTRUCCIÓN DE USO DO MANUAL

páxina 13

4. SOBRE OS DEREITOS DA INFANCIA E A EDUCACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN

páxina 19

5. SESIÓNS DE TRABALLO

páxina 25

• O recuncho dos dereitos (3 a 12 anos)

páxina 26

• Os dereitos da nosa mascota (3 a 8 anos)

páxina 28

• Embarcando cara a un novo continente (9 a 12 anos)

páxina 30

5.1. CREAMO GRUPO

páxina 32

5.1.1. Grupos entre 3 e 5 anos

páxina 33

Sesión 1

páxina 33

- a) O recuncho dos dereitos
- b) O apagallumes
- c) Dirixindo aplausos
- d) Avaliación

Sesión 2

páxina 34

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Xogos cooperativos I: tódalas persoas sumamos
- c) Xogos cooperativos II: tren de globos
- d) Avaliación

5.1.2. Grupos de 6 a 8 anos

páxina 36

Sesión 1

páxina 36

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Dinámica de inclusión e identidade
- c) Avaliación

Sesión 2

páxina 37

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Xogos cooperativos I: A arañeira
- c) Xogos cooperativos II: Cadeiras cooperativas
- d) Avaliación

5.1.3 Grupos de 9 a 12 anos

páxina 40

Sesión 1

páxina 40

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Teatro de imaxe
- c) Avaliación

Sesión 2

páxina 40

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Xogos cooperativos I: a árbore que deixa pegada
- c) Xogos cooperativos II: O labirinto
- d) Avaliación



5.2. CONDICIÓN PARA A PARTICIPACIÓN

páxina 44

5.2.1. Grupos entre 3 e 5 anos

páxina 45

Sesión 1

páxina 45

- a) O recuncho dos dereitos
- b) A pelota imaxinaria
- c) Cántame un conto
- d) Avaliación

Sesión 2

páxina 46

- a) O recuncho dos dereitos
- b) O mural de cadadriño
- c) Avaliación

5.2.2. Grupos de 6 a 8 anos

páxina 48

Sesión 1

páxina 48

- a) O recuncho dos dereitos
- b) O teléfono estragado
- c) Centinelas do grupo
- d) Avaliación

Sesión 2

páxina 50

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Palabras corporais
- c) Obradoiro para a creación de ferramentas para a participación
- d) Avaliación

5.2.3 Grupos de 9 a 12 anos

páxina 54

Sesión 1

páxina 54

- a) O recuncho dos dereitos
- b) A escultura
- c) Xogo das cadeiras
- d) Avaliación

Sesión 2

páxina 58

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Moléculas
- c) A ruleta da opinión
- d) Avaliación

5.3. DEFINIR PROXECTO

páxina 61

5.3.1. Grupos entre 3 e 5 anos

páxina 62

Sesión 1

páxina 62

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Os zapatos viaxeiros
- c) Avaliación

Sesión 2

páxina 62

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Como me gustaría que fose...
- c) Avaliación



5.3.2. Grupos de 6 a 8 anos

páxina 64

Sesión 1

páxina 64

- a) O recuncho dos dereitos
- b) O detective despistado I
- c) Avaliación

Sesión 2

páxina 65

- a) O recuncho dos dereitos
- b) O detective despistado II
- c) Avaliación

5.3.3 Grupos de 9 a 12 anos

páxina 68

Sesión 1

páxina 68

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Ollando cara ao mundo

Sesión 2

páxina 70

- e) O recuncho dos dereitos
- f) O soño dunha viaxe

5.4. PASANDO Á ACCIÓN

páxina 72

5.4.1. Grupos entre 3 e 5 anos

páxina 73

Sesión 1

páxina 73

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Vixiando os días internacionais
- c) Avaliación

5.4.2. Grupos de 6 a 8 anos

páxina 75

Sesión 1

páxina 75

- a) O recuncho dos dereitos
- b) Padriños e madriñas de lectores/lectoras
- c) Avaliación

5.4.3 Grupos de 9 a 12 anos

páxina 77

Sesión 1

páxina 77

- a) O recuncho dos dereitos
- b) En defensa da nenez
- c) Avaliación

5.5. APRENDER DA PRÁCTICA

páxina 78

5.5.1. Grupos entre 3 e 5 anos

páxina 79

Sesión 1

páxina 79

- a) Conectar coa experiencia

5.5.2. Grupos de 6 a 8 anos

páxina 80

Sesión 1

páxina 80

- a) Deseñando dianas

5.5.3 Grupos de 9 a 12 anos

páxina 81

Sesión 1

páxina 81

- a) Seis chapeus para pensarmos

6. RECURSOS, MATERIAIS COMPLEMENTARIOS E ANEXOS


páxina 85

Propostas de vídeos e xogos

7. AGRADECEMENTOS

páxina 93





Somos unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento, con máis de 25 anos de experiencia, que actúa a favor da infancia e na defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a unha educación equitativa e de calidade.

Traballamos con nenas, nenos e a súa contorna para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e benestar. Desexamos un mundo onde tódolos nenos e nenas gocen plenamente dos seus dereitos e dunha vida digna.

Concebimos a mudanza social coma o conxunto de accións que procuran xerar procesos e obter logros no camiño cara ao pleno desenvolvemento humano e unhas relacións máis equilibradas e xustas entre tódalas persoas, comunidades e países do mundo.

Traballamos en prol dunha cidadanía global e solidaria. Por iso, asumimos o noso papel como axentes da mudanza de actitudes, comportamentos e xeitos de vida cunha perspectiva máis transversal. Pretendemos chegar a tódalas persoas e sectores sociais.

Entendemos a Educación para o Desenvolvemento como aquela educación en valores de comprensión, xustiza e equidade, participación, solidariedade e cooperación internacional, que se realiza a través da sensibilización, a formación, a mobilización e a incidencia, para conseguirmos unha mudanza de actitudes e comportamentos críticos no seo da nosa sociedade. Actuamos a través da educación formal, non formal e informal e cos axentes educativos, equipos educativos, AFAS e profesorado, apostando por unha educación verdadeiramente transformadora como un dos dereitos clave doutros dereitos da nenez e onde a participación infantil se constitúa nun dos nosos piares e integre na nosa metodoloxía de traballo.

En Educo o noso traballo vai encamiñado a garantir a efectiva realización dos Dereitos da Infancia no marco da convención que os recolle. Damos a coñecer as causas das desigualdades mundiais, promovemos valores básicos para o exercicio da participación social e infantil e viabilizamos espazos e instrumentos para o desenvolvemento do compromiso adquirido individual e colectivamente.

Así mesmo, apostamos por unha visión transversal e non vertical da solidariedade que favoreza a participación e o compromiso de tódolos sectores sociais de xeito cooperativo e autónomo, onde prevaleza a transferencia de visións, olladas, ideas e recursos. O traballo en prol da paz, a resolución dialogada dos conflitos e a sostibilidade ambiental sempre han facer parte indisoluble do enfoque de dereitos e dunha educación para o desenvolvemento comprensiva e global.

Por todo iso, impulsamos este material de traballo colectivo coma unha ferramenta que promova procesos de aprendizaxe de e para a participación con nenos e nenas e torne posible ao profesorado e persoas dinamizadoras traballaren os Dereitos da Infancia centrándose na participación como eixo artellador.



Un dos principais desafíos aos que se enfrenta a nosa sociedade é a educación da infancia e da mocidade. Nun contexto de aumento da desigualdade no mundo, as estratexias educativas son unha compoñente básica para producir mudanzas sociais protagonizadas pola propia cidadanía. A educación é un aspecto fundamental para o cambio e o modelo educativo debe introducir mudanzas que contribúan a esa transformación.

A participación cidadá é chave na aposta por un mundo máis xusto e solidario. A infancia debe ocupar un lugar preeminente, desde o comezo, xa que velar polo seu benestar implica mellores condicións para a súa contorna. É a partir de experiencias de participación colectivas que a infancia pode ocupar espazos, reflexionar sobre o que os rodea e tomar partido por transformacións concretas en función dos seus intereses e demandas.

En Educo queremos que a infancia poida expresar libremente as súas ideas e opinións e que estas sexan tidas en conta e incorporadas nos procesos de toma de decisións en tódolos asuntos que lles afectan.

A construción dunha voz propia e a consideración da infancia coma suxeito colectivo requiren da incorporación de destrezas, tanto no plano individual coma no colectivo que permitan o exercicio da participación efectiva. Referímonos concretamente ás habilidades sociais básicas para o traballo cooperativo e a xestión das propias emocións.

A participar apréndese participando. Non chega con facer preguntas á infancia, senón que cómpre provocar situacións nas que as principais incógnitas poidan ser formuladas por eles e elas, á vez que incorporen capacidades para a acción colectiva adaptadas ao seu momento evolutivo. Deste xeito, a participación é un medio e fin en si mesmo; é un procedemento para o empoderamento das persoas, para o exercicio da súa plena cidadanía, do seu dereito á participación e desenvólvese polo tanto durante toda a vida. Aos procesos metodolóxicos que favorecen a aprendizaxe das competencias para construírmonos como suxeitos, denominámoslos **Educación para a Participación**.



Non se trata dun material calquera. Tanto no seu deseño coma na súa redacción optamos por dinámicas colaborativas entre persoas. É un documento que ten suposto un esforzo de troca de prácticas e conceptos, de experiencias e obxectivos compartidos. Estás diante dun documento de autoría colectiva que pretende facer unha escolma das aprendizaxes adquiridas polo equipo técnico de Educo a través do traballo con nenos e nenas que tamén deron a súa achega, opinando, transmitindo as súas sensacións, etc., na nosa práctica educativa. As súas orientacións sérvennos para mellorarmos, para tomarmos conciencia das cuestións que lles interesan e as metodoloxías que lles son máis atractivas.

O debate e o intercambio foron as fórmulas escollidas para a súa redacción, no marco dun proceso de auto-formación onde se tivo a oportunidade de compartir conceptos, proxectos, experiencias de cada unha das persoas que fixeron parte na redacción. Partimos da práctica concreta para construír, desde o diálogo permanente, unha proposta a incorporar na acción cotiá. Este material é un produto dun proceso de formación participativa.

Por outra banda, tamén foi un proceso de busca e de investigación. Moitas das propostas que podes atopar son pistas, técnicas e disciplinas descubertas polo propio grupo de profesionais e que considera de gran utilidade. Comezou por un lenzo en branco que, colectivamente, foi tomando forma, de maneira máis caótica ao inicio, pero construíndo unha lóxica común a medida que avanzaba a súa redacción. É, así mesmo, unha obra inacabada. Ata que outras persoas non usen e comprobén a súa utilidade en diferentes contextos, seguirá o proceso de construción permanente.

Este é o noso convite: sumáreste á nosa comunidade de educadoras e educadores para a participación desde as túas propias experiencias. Agardámoste.



Os axentes educativos cos que traballamos -profesorado, educadoras e educadores, etc.- sentides a necesidade de contar con propostas centradas nos Dereitos da Infancia desde un enfoque de cidadanía global, así coma contar cunha ferramenta sobre esta cuestión, que reflicta e leve á práctica o que para o noso equipo é un pilar básico; a participación infantil como xeito de achegármonos ás diferentes temáticas que traballamos desde a educación para o desenvolvemento.

Á hora de aplicares este material recomendámosche:

- **O teu grupo é o protagonista:** ningún vai coñecer mellor ca ti os nenos e nenas do teu grupo, así que pensa neles e nelas cando repases as propostas didácticas, proba distintas posibilidades, readapta o que consideres oportuno e sobre todo, escóitao, incorpora as súas visións e valoracións das distintas propostas.
- **Ten en conta a túa propia realidade e contexto:** en cada territorio e situación decorren circunstancias específicas; a túa tarefa é telas presentes. Ningún manual está deseñado para a nosa realidade concreta, así que che toca “traducir” as propostas ao teu contexto.
- **Formula os teus propios obxectivos:** no material atoparás obxectivos relacionados cos Dereitos da Infancia e a participación, pero é probable que precisas conseguir determinadas metas conectadas á túa realidade e momento. Engade, risca, utiliza este manual como “borrador” permanente.





- **Ten en conta obxectivos de aprendizaxe para a participación:** son moi importantes, pois coa posta en práctica do conxunto de actividades pretendemos mellorar as competencias de nenos e nenas para o exercicio da participación. Consegui-los avanzar nas habilidades básicas para o traballo colaborativo por parte das persoas do teu grupo, velaí unha das misións que che propomos.

- **Reaxusta desde o que eres:** coñécete ben, actúa desde a sinceridade, aposta polo teu punto forte —se te manexas ben en accións de teatro, desenvolve o teu potencial—. Non tódalas persoas educadoras temos as mesmas características, somos moi diferentes entre nós, así que é posible que algunhas das técnicas que che propomos non se axeiten á túa forma de intervir e ser. Múdaas, adáptaa e modifícaa para que che sexa máis doado desenvolverlas.

- **A importancia dos contextos educativos:** a proposta incorpora nun mesmo material a educación formal e non formal, de modo que poida ser útil a persoas educadoras en diversos contextos de aprendizaxe e no marco de múltiples proxectos, sempre que estes estean relacionados cos Dereitos da Infancia e a participación.

- **...e dos espazos:** porque son determinantes os lugares físicos, a súa organización, distribución de recursos, se estamos nunha aula ou nun lugar ao aire libre. Imaxina as propostas nunha localización determinada e adapta o que consideres oportuno.

- **Unha proposta aberta a modificacións:** non leves todo ao pé da letra. Imaxina outras posibilidades, mellora a túa forma concreta de intervir, inclúe novas influencias, vive a experiencia do desenvolvemento deste material con espírito crítico.

- **Fixar as regras do traballo en grupo:** recomendámosche que se establezan as regras do xogo de forma participativa e consensuada co grupo antes de comezar. Algúns exemplos que che poden servir:

- Respectar as restantes persoas do grupo.
- Respectar as diferentes ideas, culturas, linguas etc. sen ironías nin críticas.
- Escoitar atentamente o que di o resto de persoas do grupo.
- Respectar a quenda de palabra.
- ...E calquera outra que sexa conveniente.

- **Son pistas para adaptar...compártelas?:** se realizas modificacións ou axustamentos sobre as propostas didácticas, se se che ocorreron novas posibilidades de actividades que non veñen reflectidas, estaremos encantadas de as incorporar a este proceso de aprendizaxe colectiva.

Podes contactarnos en: docencia@educu.org

Super Edu é un neno tranquilo que sempre está pensando en cousas novas. Gústalle moito falar con nenos e nenas doutros países e coñecer as súas historias e os seus xogos, por iso ocorren-
selle unhas ideas moi orixinais. Ás veces organiza xogos de Perú, outras de China, de Marrocos.,
de todas as partes do mundo! E é que lle encanta traballar en equipo e facer cousas en grupo. É o
artista da familia e anima a todo o mundo a que participe nos seus murais.





Super Cora é unha nena moi activa, gústalle investigar. Sempre está mirando en todos os ocos en busca de novos bichos que non coñeza pero, sobre todo, sempre axuda aos nenos e nenas que o necesitan! Unhas veces axúdalles coas mates, outras conta a algunha persoa maior si alguén lles molesta, comparte o seu bocadillo e xoga cos que non teñen moitos amigos. Coida moito a natureza e intenta que os demais fagan o mesmo.



Non sabemos quen son Super Edu e Super Cora. Ata o seu inseparable can Guau ten un nome en clave! Pero si sabemos que os tres ocúpanse de que todas as nenas e nenos teñan alguén que lles queira e lles coide, poidan ir ao cole sen preocupacións e o pasen xenial xogando. Poderías ser ti un deles?





4 Sobre os dereitos da infancia e a educación para a participación

No ano 1948 a Asemblea das Nacións Unidas aprobou a Declaración dos Dereitos Humanos. En 1989 aprobouse a Convención sobre os Dereitos do Neno que se basea en catro principios rectores:

1.- Non discriminación. Tódolos nenos e tódalas nenas son iguais e posúen os mesmos dereitos. Tanto ten onde teñan nacido, a cor da súa pel, a lingua que falen, as súas crenzas relixiosas, se posúen capacidades diferentes, algunha diversidade funcional ou enfermidade.

2.- Interese superior. Tódolos nenos e tódalas nenas son importantes. As persoas adultas sempre teñen que ter en conta aquilo que é mellor para a infancia á hora de tomar decisións que lles afecten.

3.- Dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento. Non só ten dereito a unha vida digna, mais tamén a poder vivir nas mellores condicións posibles. Ten dereito a unha vivenda, a unha familia, a coidados médicos e de saúde, a unha alimentación suficiente, que lles permita crecer sen problemas. En caso de ter que abandonar o seu fogar, os gobernos deben proporcionarlles as condicións suficientes para que a súa vida sexa igual á dos demais nenos e nenas.

4.- Participación. Entendida como o dereito dos nenos e nenas a expresaren a súa opinión e que esta sexa tida en conta en tódolos asuntos que lles afectan. Deben coñecer os seus dereitos para poder exercelos e demandar aqueles que non estean a gozar plenamente.



• No discriminación.
• Interés superior.
• Derecho a la vida a la supervivencia y al desarrollo.

Para pór en marcha proxectos e procesos educativos cun enfoque de Dereitos da Infancia en Educo temos en conta os anteriores principios. Así por exemplo, para traballar desde un enfoque de non discriminación deséñanse procesos que faciliten o acceso e a participación de diversos colectivos, sobre todo de minorías e grupos desfavorecidos. O traballo cos nenos e nenas debe considerar valores de interculturalidade que eviten estereotipos ou roles a determinados grupos participantes como pode ser a discriminación por cuestións de etnia, nacionalidade, relixión, xénero, etc.

Para promover o interese superior dos nenos e nenas poden ser debatidas conxuntamente cuestións que lles afectan directamente para valorar os efectos que teñen sobre eles e elas as accións realizadas polas persoas adultas. Ás veces hai conflitos de intereses cando unha persoa adulta decide sobre o que é mellor para un neno ou nenas e este ou esta non está dacordo. É polo tanto interesante incorporar debates nos grupos sobre cuestións relacionadas aos dereitos, responsabilidades, necesidades, etc.

En cuestións relacionadas co principio de desenvolvemento e supervivencia hai que ter moi en conta cada contexto local. Os grupos poderán analizar, debater sobre cales son as necesidades de supervivencia e desenvolvemento, así como os recursos e posibilidades que teñen para satisfacelas buscando alternativas adaptadas á súa cultura. Na planificación de accións temos que considerar a busca de colaboración con entidades que xa traballan en evitar e tratar as diferentes formas de abandono, violencia, abuso ou explotación.

Polo xeral, é interesante botar man de metodoloxías con enfoques socioafectivos e de educación emocional tanto con nenos e nenas coma con familias e persoas educadoras encargadas do seu coidado, a través de accións de denuncia de situacións que supoñan un risco para a supervivencia e desenvolvemento dos nenos e nenas en diferentes ámbitos:

saúde, educación, lecer, vida familiar, vida na cidade, etc.



Para exercer o dereito a participar, os nenos e nenas precisan de espazos de oportunidade así como as capacidades necesarias para polo en práctica. Como comentamos anteriormente “a participar apréndese participando”. Aprender a participar pódese considerar coma un proceso en espiral onde os nenos e nenas se constrúen como suxeitos activos implicados na transformación dunha realidade que viven. Non se trata de actividades puntuais, senón de procesos con distintas etapas onde adquiren capacidades e coñecementos para teren a posibilidade de intervir de forma autónoma na mudanza ou transformación da realidade.

Este proceso require encetar un camiño que pasa por:

- **Analizar a forma de entrada ao proceso**, de inicio do percorrido. Para comezar é importante coñecerse, motivarse, compartir unha preocupación ou necesidade e posuír información sobre esas cuestións que afectan como individuos e como colectivo.
- **Coñecer as formas de comunicar**, compartir ideas e tomar decisións. Debemos aprender a escoitar, falar, expresar ideas e sentimentos; disentir e compartir.
- **Saber como levar a cabo unha transformación da contorna**. É importante practicar a planificación dunha acción, adoptar compromisos e responsabilidades, proceder a realizar as actividades acordadas e avalialas.
- **Reflexionar sobre o que aconteceu**, sermos conscientes das aprendizaxes e planificar novos roteiros. Ás veces hai que ter en conta que os fracasos son oportunidades excelentes de aprendizaxe e de innovación para buscar alternativas creativas.





Outras cuestións a considerar en relación á práctica educativa cun enfoque de participación:

- Superar os “medos” á participación infantil. Se se han de tomar decisións, debemos estar en condicións de considerar a igualdade respecto ás opinións e perspectivas dos nenos e nenas en tódalas fases do proxecto. Por exemplo, a programación de actividades debería ser o suficientemente flexible para considerar os obxectivos como hipóteses de traballo e estaren abertas a incorporar novas ideas nas sucesivas fases de traballo.
- As metodoloxías que faciliten a participación deben concordar co proceso evolutivo dos nenos e nenas e as capacidades deles.
- Os nenos e nenas deben ter información accesible e relevante a través de soportes materiais, actividades e dinámicas presenciais, folletos, carteis e portal internet (blog, páxina web), etc., adaptados ás súas idades e características.
- É interesante deseñar accións específicas para obter as opinións de nenos e nenas en tódalas fases do proceso educativo. Por exemplo, creación de canles de comunicación: enderezo de correo electrónico, páxina web, caixas de correo e recunchos especiais, observatorios virtuais, onde os nenos e nenas poidan comunicar as súas opinións ou compartir os seus traballos, ideas e accións.
- As actividades serán atractivas e facilitarán a participación dos nenos e nenas a través de medidas específicas segundo as características do contexto do proxecto, mediante, por exemplo, metodoloxías de traballo cooperativo, organización de asembleas, grupos de debate, comisións ou foros de participación.
- Cómpre diferenciar entre obxectivos de participación grupais e participación social da infancia. Por exemplo, neste segundo campo, pódense incluír accións de persuasión ás administracións, centros educativos e entidades para seren tomadas en consideración as opinións dos nenos e nenas nas cuestións que lle afectan a través de relatorios técnicos, traballos, cartas de nenos e nenas, etc.
- Non esquecer o enfoque de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global. A participación da infancia é unha práctica de cidadanía activa, do local ao global, como axentes de cambio reais e importantes.

Unha proposta de metodoloxía: a Investigación Acción Participativa (IAP).

Dado o carácter de hipóteses que expomos no proceso de aprendizaxe e participación para a transformación propomos levar a cabo unha metodoloxía baseada na **Investigación Acción Participativa**.

Desde a IAP, considérase a práctica socioeducativa desde o entendemento dun medio complexo no cal se leva a cabo a tarefa de educar. Como persoas educadoras debemos ser quen de realizar unha diagnose e reflexionar sobre o proceso encetado, de xeito participativo, xunto co grupo de nenos e nenas que viven a súa propia realidade, que son quen de intervir nela, transformando valores e actitudes.

A IAP encaixa na nosa proposta pedagóxica porque inclúe cuestións relacionadas coa **investigación** (dar unha diagnose do punto de partida, as necesidades do grupo e as formas de as satisfacer, observar os procesos, reflexionar sobre os mesmos e avaliar as accións emprendidas) e a acción (crear grupo, aprender a participar levando a termo unha proposta pedagóxica, deseñar a nosa acción, levala a cabo) de forma participativa (nenos, nenas e persoas adultas implicadas avalían e contribúen á acción). Concíbese coma un convite á posta en marcha de ciclos de investigación- acción grupal, onde o final dun proceso abre a porta ao seguinte. Isto implica que as persoas non sexan obxectos (alumnado que escoita) senón suxeitos activos (alumnado que participa) e para iso precísanse:

- **técnicas que se adapten ás características do grupo**, que permitan coñecer e transformar ao mesmo tempo (dinámicas de creatividade, grupos de discusión e debate, expresión corporal, etc.).
- **coñecementos científicos e populares**, promovendo o intercambio e contraste de saberes.
- **mudar a visión de traballo individual cara ao traballo colectivo**, creando relacións entre as diferentes persoas e enlazando redes sociais. Se queremos participar para transformar unha realidade, debemos ter en conta a tódolos suxeitos que conforman a referida realidade sen esquecermos que non se compón da suma de persoas, senón das relacións que teñen lugar entre elas.
- **proponse coma un proceso de aprendizaxe permanente**, coma unha avaliación continua a través da investigación, a acción, a reflexión e a participación, independentemente do tema que se estea a tratar. Cando o proceso teña rematado, poderemos pór en relación todos os resultados obtidos a partir dos resultados e valoracións parciais recollidas nas distintas ferramentas de obtención de datos antes, durante e despois do proceso.



En cada actividade, durante o desenvolvemento do proceso, preséntanse cuestións nas fichas de traballo que nos convidan a reflexionar sobre os resultados obtidos que podemos tomar en conta antes de pasarmos para a seguinte sesión ou fase do proxecto. Convidamos a que sexan reflectidas en diferentes ferramentas de rexistro de datos, como por exemplo:

- Un **caderno de Campo**:

onde se escriban a xeito de diario as cuestións propostas de forma obxectiva. Convidase a incluír cuestións relacionadas con contidos, pero tamén sentimentos, sensacións ou cuestións subxectivas.

- En **Caixas de sentimentos**:

para os máis pequenos pódense elaborar caixas (por exemplo de cartón, ou de queixiños) ou sobres con facianas alegres e tristes onde vaian introducindo notas onde teñan escrito as cousas que máis lles gustaron e as que menos de cada sesión.



A continuación describimos o conxunto de propostas didácticas para traballarmos os Dereitos da Infancia e a Participación, que supoñen un camiño adaptado a diferentes idades e contextos. O conxunto do proceso artículase en torno dunha serie de pasos básicos:

1. CREAR GRUPO:

onde se traballa sobre autoconñecemento e coñecemento mutuo así como sobre a análise do contexto.

2. CONDICIÓN PARA A PARTICIPACIÓN:

onde se abordan os elementos de motivación, formación e organización necesarios para que se produza a acción colectiva.

3. DEFINIR PROXECTO:

onde se incorporan mecanismos de toma de decisións e planificación participativa.

4. PASANDO Á ACCIÓN:

onde se achegan ferramentas para a xestión e impulso de actividades.

5. APRENDER DA PRÁCTICA:

onde se toma conciencia do percorrido xa feito.



Cada un destes pasos contén propostas para os seguintes grupos de idade:

- de 3 a 5 anos
- de 6 a 8 anos
- de 9 a 12 anos.

En ocasións, podemos utilizar a mesma actividade para idades diferentes coas conseguíntes adaptacións.

O conxunto de propostas de actividade artículase mediante sesións, cunha duración aproximada de 50 minutos cada unha, que facilita o seu uso quer en espazos de educación formal, quer non formal. Os tres primeiros pasos —crear grupo, condicións para a participación e definir un proxecto— contan con dúas sesións de traballo, aínda que se poden adaptar ás características dos grupos.

En cada actividade establecemos estrelas que indican os distintos niveis de participación do grupo, sendon

(★) de menor nivel e (★★★★★) o máximo nivel de participación.

Contamos cunha actividade articuladora e permanente mentres dura o proceso para tódalas idades:

“O Recuncho dos Dereitos”, que será a forma de introducir o grupo ou alumnado en cada unha das sesións.





O recuncho dos dereitos da infancia

Introdución

Os recunchos de actividade son unha forma de organización da aula ou do espazo formativo que lle permite ao alumnado desenvolver hábitos elementais de traballo, establecer e cumprir normas e desenvolver a súa autonomía, ao mesmo tempo que responde ás diferenzas, intereses e ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena. Os recunchos supoñen unha metodoloxía máis creativa e flexible, na que os nenos e nenas aprenden a observar, explorar, manipular, experimentar, descubrir, crear... ao mesmo tempo que se divirten.

No Recuncho dos dereitos dos nenos e das nenas aspiramos á participación activa da infancia na construción do coñecemento dos seus dereitos e na observación do cumprimento dos mesmos.

Idade: 3-12 anos

Duración: 10 minutos ao comezo cada sesión do conxunto do proceso e para todas as idades.

Grao de participación: ☆☆☆☆☆

Obxectivos

- Coñecer os Dereitos da Infancia a través da investigación e a observación.
- Fomentar a autonomía persoal e colectiva así como a xeración de espazos de participación.

Materiais

- Espazo na aula para crear O Recuncho dos Dereitos dos nenos e das nenas.
- Folios, bolígrafos.
- Papel continuo.
- Rotuladores, cartolinas.
- Tesoira, pegamento.
- Outros materiais segundo actividade.

Desenvolvemento

Creamos na aula ou sala o Recuncho dos Dereitos dos nenos e as nenas onde durante todo o proxecto o grupo irá construindo este espazo. Será un espazo que, alén de conter material e información sobre os Dereitos da Infancia, se converterá nun observatorio do cumprimento ou incumprimento dos dereitos na propia aula ou espazo de traballo. As persoas participantes e polo tanto, a propia infancia, comprometeranse a respectar os dereitos e facer que se cumpran. Para que iso aconteza, é esencial sabermos que e cales son os dereitos, e se son iguais para toda a infancia no mundo. Propomos unha dinámica para 3-8 anos e outra para 9-12 que mostramos máis adiante.

Por outra banda, queremos reflectir os dereitos de toda a infancia no seu conxunto, non só os de quen estea a participar do proxecto; para iso dedicaremos o recuncho a un país en desenvolvemento como El Salvador. Deste xeito, as persoas participantes e/ou alumnado observarán como se respectan ou se vulneran os dereitos dos nenos e nenas salvadoreñas, permitindo unha visión global dos dereitos. Na nosa web Educo pode des atopar material e información sobre os dereitos da infancia, vídeos e artigos que se poden tratar no tempo destinado ao Recuncho dos Dereitos:

<http://www.educo.org/QUE-HACEMOS/Donde-actuamos/El-Salvador>

Primeira sesión

Creación de normas que reflectan respecto polos dereitos. Cada unha delas hase formular en positivo, por exemplo “se ti berras, as demais han berrar máis”. Escribimos as normas nun papel continuo e colocámolo no Recuncho. Estas normas deben ser consensuadas por toda a aula ou grupo. Tamén debemos definir as consecuencias do incumprimento das normas. En cada sesión alguén diferente será quen se encargue de observar o seu cumprimento.



Segunda sesión

Dividiremos a aula ou sala en grupos de 4-5 persoas que serán as observadoras dos dereitos. Estes grupos serán durante todo o proxecto e en cada sesión un grupo encargárase de observar os dereitos na aula.

Pomos algúns exemplos das responsabilidades e deberes do grupo:

1. Observar se se respectan os dereitos na aula, entidade ou centro durante o período entre unha sesión e a seguinte. Por exemplo:

- Dereito á educación: se conseguen entender os contidos, se lles gustan as actividades que fan, se as instalacións están ben, se se cumpren os horarios...
- Dereito ao xogo: se os nenos e nenas coidan os xogos, se cren que faga falla algún xogo máis ou unha nova actividade, se as actividades do centro/entidade lles gustan...
- Dereito á protección: se houber problemas, conflitos como pelexas, insultos, etc. Como se resolven eses problemas. Se o profesorado ou educadores cumpre o seu papel de figura de protección. Se o centro/entidade cumpre as normativas de protección...
- Dereito á non discriminación: participan as nenas igual cós nenos na aula, non se discrimina a ningún compañeiro/a...
- Dereito á familia: participación das familias en actividades do centro...
- Dereito á saúde e benestar: se existise comedor observar seguiríase unha dieta saudable, se as actividades que fan fomentan o desenvolvemento de hábitos saudables...
- Dereito á participación: foméntase a participación na aula, espazo e no centro do alumnado ou grupo.

2. Buscar na biblioteca do centro libros ou cómics sobre os dereitos e anunciarlos ou polos no recuncho. Serán renovados por cada grupo.

3. Recoller calquera tipo de noticias que apareza no xornal ou por internet que estean relacionadas cos Dereitos da Infancia. No caso de nenos e nenas de 3 a 6 anos poden compilar fotos ou debuxos, mesmo o poden facer na casa coas súas familias para presentalos ao grupo.

4. Os dereitos en El Salvador.

5. O grupo recollerá toda esta información nun relatorio e exporao despois ao resto da aula ao comezo de cada sesión.

Relatorio de grupo/persoas de observación.

Con toda a información recollida, o grupo responsable elabora un relatorio e fai unha presentación en cada unha das sesións. A exposición perante a aula realízase de forma que cada persoa achegue unha parte, evitando así o monólogo. Tamén resulta importante reflectir como se sentiu o grupo nesta actividade.



Algunhas actividades para coñecer os dereitos da infancia

A) os dereitos da nosa mascota

Idade: 3-8 anos.

Duración: 30 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Coñecer o que son os Dereitos da Infancia e cales se poden identificar de xeito claro.
- Relacionar os Dereitos coas súas vidas cotiás.

Material:

- Encerado ou rotafolio.
- Rotuladores.

Breve descrición: O alumnado ou grupo imaxina as necesidades dunha mascota, facéndoo extensivo ás súas necesidades como nenos e nenas, aos seus dereitos á vida, á protección e se estas as teñen todas na aula, o colexio, barrio, cidade e mundo.

Desenvolvemento da actividade:

Pedimos ao alumnado ou grupo que imaxinen que teñen unha mascota, deben coidala e dárenlle un nome. Deben pensar en todo aquilo que a mascota precisa para vivir feliz, con saúde e seguridade. Dun lado do encerado escribiremos o nome da mascota e anotaremos todo o que o grupo cre necesitar: comida, auga, coidados, unha cama, amor, compañía...



Podemos preguntar:

Quen é responsable de que a mascota teña todos estes dereitos e necesidades cubertos? Anotamos as respostas do grupo, onde afirmarán segundo as idades, que son elas as responsables da súa mascota. Unha vez confirmamos as necesidades: fogar, comida, auga... preguntamos:

A nosa mascota, precisa, realmente, de todas estas cousas para sobrevivir? Entón a mascota ten dereito a gozar destas cousas? Quen é o responsable de que a mascota teña estas necesidades cubertas?

Escribimos a palabra “Neno/nena” no encerado e preguntamos: Que precisa un neno ou unha nena para ter unha vida feliz, segura e saudable? Faremos unha lista con tódalas respostas, algunhas necesidades serán: fogar, familia, amigos, auga, xoguetes, educación, amor, atencións...

Preguntamos, quen é responsable de que cubramos estas necesidades?, as respostas serán: familia, pais, nais, persoas adultas,...

Outras posibles cuestións:

Que precisan os nenos e nenas para sentiren protección, para medraren e participaren na sociedade?

Se os nenos e nenas precisan destas cousas, isto quere dicir que teñen dereito a elas? Quen se ha responsabilizar de garantir os Dereitos da Infancia?

Tódalas nenas e nenos do grupo ou aula teñen estas necesidades, e os nenos e as nenas do colexio, barrio, cidade e o mundo?

A partir daqui, este punto para nenos e nenas de 6 a 8 anos podemos presentar a Convención dos Dereitos do Neno (versión infantil da CDN) e explicamos en que consiste o documento que recolle os dereitos do conxunto da infancia de todo o mundo.

Con nenos e nenas 3 a 6 anos pódese ver algún video ou canción sobre os Dereitos da Nenez como por exemplo:

<https://www.youtube.com/watch?v=DoC7fmcmFdM>

Avaliación:

Convidamos ao alumnado ou grupo a compararen a lista do encerado cos dereitos que recolle a CDN; a idea é sinalar que escribimos dereitos e que descubran que son persoas “expertas na súa propia vida” que coñecen as súas necesidades, saben quen debe facerse cargo delas e que a CDN é un documento que os ampara e protexe.

En caso de alumnado ou grupo maiores (entre 6 e 8 anos) podemos ampliar a comparación sinalando que aspectos esquecemos e que si están na CDN e que necesidades non recolle a Convención.

Escribimos en común unha definición de dereito na folla Din A3 que deixaremos na aula xunto coa actividade da mascota. Unha posible definición:

“Un dereito é aquilo que as demais persoas deben respectar de nós e que nós debemos respectar das demais”

!!!Todos e todas temos dereitos!!!



B) Embarcando cara a un novo continente.

Idade: 9-12 anos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Introducir ao conxunto do grupo ao coñecemento dos Dereitos Humanos.
- Poder diferenciar os dereitos dos desexos.

Duración: 30/40 minutos.

Material:

- Sobre coas “cartas de necesidades e desexos” (http://www.eycb.coe.int/compasito/chapter_4/4_27.asp)

Desenvolvemento da actividade:

Reunimos o alumnado ou grupo en pequenos grupos. Dámoslles as seguintes instrucións:

- Imaxinamos que estamos nun barco a navegar cara a un novo continente onde non hai ninguén.
- Dáselle a cada grupo un sobre coas cartas de necesidades e desexos (página 88) e explicáselle que esta vai ser a súa equipaxe para que poidan vivir no novo continente. Cada grupo abre o seu sobre e examina ben as súas cartas.

Algúns dos ítems son intencionadamente ambiguos para estimular o debate sobre a definición do que é esencial. De forma alternativa, en función das características do grupo e os tempos dispoñibles, poden darse unhas cartas en branco para que teñan a oportunidade de engadiren ou decidiren que equipaxe se quere levar.

Dáse inicio á narrativa contando que ao comezo, a viaxe é moi tranquila. De súpeto, comeza unha tempestade e o barco está a afundirse. Deben lanzar parte da equipaxe, ou sexa, as cartas, para poder salvar o barco. Cada grupo decide en consenso cales son as cartas que van tirar (3 delas). Explicamos que as cartas que se descarten xa non se poden volver recuperar.

Retomamos o rumbo. A viaxe continúa e, de súpeto, anúnciannos que se achega un furacán. Co cal, deberán tirar pola borda tres cartas máis. Lembra: non lances aquelas cartas que consideres máis importantes. Pasado o furacán, a viaxe continúa con tranquilidade. Minutos máis tarde, unha onda xigante lánzase sobre o barco e produce algúns estragos. Cómpre alixeirar peso de novo: sacamos tres cartas máis. Finalmente, enxergamos terra ao lonxe, a viaxe está a rematar. Desembarcamos.

Temos todo o necesario para sobrevivirmos? E para afacérmonos?

Avaliación.

Chega a hora de reflexionarmos e avaliarmos a actividade:

1. Reflexionamos sobre a actividade con cuestións deste tipo:
 - Que che gustou da actividade?
 - Como se tomaron as decisións? Foron difíciles algunhas? Cales?
 - Todo o mundo ten as mesmas necesidades? Hai algunhas diferentes?
 - Que opinas sobre as últimas eleccións? Poderías sobrevivir e desenvolverte satisfactoriamente no novo continente?
 - Sorprendeuche o final?
 - No caso de realizares esta actividade unha segunda vez, has desexar algunha cousa diferente?
2. Pomos a énfase en que os dereitos humanos están baseados en necesidades humanas: as cousas que cada ser humano precisa para sobrevivir, desenvolverse e vivir con dignidade. Os dereitos son universais e interrelacionados.
3. Preséntanse os dereitos e relaciónanse co que saú no xogo.



5.1 Crear grupo

Para podermos crear un bo ambiente de traballo e que poida funcionar calquera proceso, é preciso dispor-mos dun grupo cohesionado no que cada membro poida facer as achegas que considere necesarias con total liberdade. Isto conséguese traballando de forma gradual diferentes aspectos persoais e grupais como a presentación das características básicas das persoas, o coñecemento dela mesma e do resto do grupo, a estima e a confianza cara a unha mesma e cara aos demais, e por último, a cooperación.

Así, nesta primeira fase, traballaremos de xeito lúdico o proceso de "crear grupo" co obxectivo de dotalo das ferramentas precisas para que poida afrontar dun xeito satisfactorio os desafíos e conflitos que se poidan presentar.

Non esquecer o Caderno de Campo ou
Caixa de Sentimentos en cada unha
das sesións das diferentes idades.





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **O apagalumes.**

Duración: 15-20 minutos

Grao de participación: ★★

Obxectivos:

- Potenciar a aceptación.
- Estimular o contacto físico positivo.

Materiais e necesidades:

Espazo sen obstáculos.

Desenvolvemento:

A metade do grupo fai de "lumes", a outra metade de "apagalumes". Os "lumes" distribúense pola zona de xogo e comezan a erguer os brazos e mover o corpo imitando o movemento e o son das lapas. Os e as "apagalumes" buscan "incendios", de preferencia en pequenos equipos, para apagalos a través de demostracións de afecto e aloumiños para apagar as lapas. Unha vez apagado o lume, o equipo de "apagalumes" continúa a busca doutro lume. O "lume" pode rebrotar se opina que precisa máis afecto e volver moverse (cun máximo de tres abrochos). Unha vez que todos os "lumes" teñan sido apagados, cambiaranse os papeis.

Avaliación:

Realizamos unha serie de preguntas para contestar e valorar a actividade.

- Gustoulles o xogo?
- Que se sente cando te agariman?
- Gústache dar agarimos?

A ter en conta:

- Cómpre explicar que os lumes non adoitan apagarse rapidamente, tanto para o equipo de "lumes" coma para os e as "apagalumes", é preciso que se dean aloumiños, amodiño... cómpre lembrarles que os lumes poden ser perigosos e que convén que sexan prudentes, apagando aos poucos o lume.
- Ter precaución para que os nenos ou nenas máis movidos que fan de "lumes" non fagan movementos bruscos que poidan magoar aos outros.
- A persoa dinamizadora deberá acompañar a aqueles nenas ou nenos que non leven ben o contacto físico (aloumiñaráselles máis suavemente, no pelo mellor ca no corpo, ou ben cóxegas que non adoitan seren rexeitadas).

c) **Dirixindo aplausos.**

Duración: 15-20 minutos

Grao de participación: ★★

Obxectivos:

Favorecer a autoestima, a confianza nun mesmo e a retroalimentación positiva do grupo.
Distensión e desinhibición.



Material e necesidades:

Espazo interior.

Desenvolvemento:

Todo o grupo en círculo. Alguén se coloca no centro e recibe un forte aplauso.

A persoa no centro será durante uns momentos a “directora” de aplausos: pode facer subir e baixar de ton, pode pedir aos demais que batan no chan cos pés, facer berrar ou brincar de entusiasmo, etcétera. O grupo aplaudirá aínda cun sinal mínimo da man e estará pendente da persoa no centro. Ela pode simular un discurso ou cantar unha canción, interrompido constantemente de aplausos, etcétera.

d) Avaliación:

Realizamos unha serie de preguntas para contestar e valorar a actividade.

- Gustouche ser director/a de aplausos?
- Como se sente a popularidade, a aceptación do grupo?
- Gústache dirixir o grupo?
- Gústache aplaudirle aos teus compañeiros e compañeiras?

A ter en conta:

Convén facer o xogo dos aplausos en diversos momentos, con poucos nenos e nenas á vez, para tirarlle enerxía ou para crear certa expectativa ás persoas que falta por pasaren ao centro.

Sesión 2.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Xogos cooperativos I. Tódalas persoas sumamos.**

Duración: 15-20 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Tomar conciencia das habilidades propias.
- Fomentar o diálogo entre os membros do grupo.

Materiais:

- Papelógrafo, cartolinas ou folios.
- Pinturas, rotuladores.

Desenvolvemento:

Tódalas persoas da aula ou grupo sentadas facendo unha roda ou por parellas; unha delas debuxa sobre o soporte escollido a silueta da man doutra e entrámbalas dúas acordan de que cor pintala. Posteriormente, pregúntanse entre si o que saben facer e aquilo ao que lle dan xeito. As habilidades irán escritas por riba do debuxo da man da persoa que corresponda. Isto pódoo facer alguén do propio grupo ou a persoa facilitadora. O resultado ficará pendurado nas paredes da aula para lembrar que todos e todas temos algo que se nos dá ben e que sumando as capacidades do conxunto do grupo se poden facer moitas cousas.



A persoa facilitadora pode ir realizando preguntas que axuden a profundizar un pouco e que non se queden tódalas respostas no tipo de "xoga ben ao fútbol", "gústalle as mates..."

A ter en conta: pódese aproveitar para emparellar nenos ou nenas que teñen pequenos conflitos entre eles ou que non so moi próximos, para que dialoguen, cheguen a acordos e procuren calidades na outra persoa.

Avaliación:

Realízase de forma conxunta coa seguinte actividade.

c) Xogos cooperativos II. Tren de globos.

Duración: 15-20 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

Concienciar as persoas participantes de que é precisa a participación de todos e todas para conseguirmos un obxectivo común.

Materiais:

- Globos ecolóxicos: tantos coma participantes.
- Rotuladores.

Desenvolvemento:

Fórmase un tren con tódalas persoas participantes e ponse un globo inchado entre a barriga e as costas, aguantándoo así sen suxeitalo coas mans. Deste xeito o tren ha ter que avanzar, retroceder, saltar, andar de lado, etc., sen que caia ningún globo. Pódese comezar con varios trens de 4 ou 5 persoas cada un e ir xuntándooos á medida que o grao de entendemento vaia aumentando ata rematar cun só tren que acolla a todo o grupo.

d) Avaliación: (duración: 10 minutos)

Cos nenos e nenas sentadas a faceren a roda, preguntamos:

- Gustáronche os xogos?
- O que acontecía cando non facíades o mesmo movemento á vez?
- Sentíche mal nalgún momento?
- Gústache máis xogar só/soa ou con outras rapazas e rapaces?

Tratarase de que contesten tódalas persoas do grupo. Posteriormente entregaráselles un globo inchado do xogo do tren para que debuxen unha faciana sorrinte ou unha triste segundo rematen contentos ou non a sesión.

Recomendamos:

Realizar a actividade nun espazo pechado, sen mobiliario coma por exemplo un ximnasio, para evitar que o vento leve os globos.



Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Dinámica de inclusión e identidade.**

Duración: 50 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Recoñecer a nosa necesidade de identidade e inclusión.
- Identificar as dinámicas propias que temos a nivel persoal e os sentimentos que decorren destas.

Materiais:

- Gomets ou adhesivos de distintas formas e cores.

Desenvolvemento:

Pídeselle ás persoas participantes que pechen os ollos e garden silencio. A persoa que dinamiza pon sobre a fronte etiquetas cun punto (gomets) de diferentes cores ou formas (por exemplo 5 vermellos, 7 azuis, 6 verdes, 1 gris, 1 negro... ou unha estrela amarela, 2 cadrados vermellos, 6 cadrados verdes, tec.). Pídeselles que fagan grupos sen falaren (non se especifica máis nada). A dinámica ha rematar cando ninguén se mova do seu lugar e todos se senten parte do grupo que lles toca.

Realizaranse grupos tendo en conta só un dos trazos máis evidentes (a cor) debido ao costume, acompañando a tendencia a homoxeneizar (a homoxeneización xera exclusión), pero podemos repetir a proba pedindo que se baseen noutro aspecto.

Tamén as persoas excluídas se poden converter "nun problema" para o grupo; a consigna era facer grupos, producíndose posibles formas de agrupamento por asimilación, buscando a incorporación á regra maioritaria, ou marxinação, onde as diferenzas se illan. Dúas necesidades básicas xurdiron nesta dinámica: a necesidade de identidade e a necesidade de pertenza (sentírense parte dun grupo). Poder manter ámbalas dúas é o ideal dunha sociedade inclusiva, sen ter que renunciar a ningunha delas.

c) Avaliación:

Realizamos unha serie de preguntas para contestar e valorar a actividade.

- Como nos sentimos?
- Que sentiu quen non pertencía a un grupo?
- Que sentiu quen xa encontrara o seu grupo?

A ter en conta:

- Garantir que as persoas que viven situacións de exclusión non as teñan que revivir e que quen poida que teña actitudes discriminatorias ou posúa un papel de liderado no grupo vivan a experiencia de se sentiren noutro lugar dentro do xogo.
- Insistir na necesidade de que non poden falar nin abrir os ollos antes de tempo.

Recomendamos:

Ao ser unha actividade de reflexión é mellor facela na aula ou sala, cun ambiente axeitado á reflexión.



Ao remate, terase creado unha arañeira e o dinamizador ou dinamizadora destacará que todos somos importantes á hora de sostela e que se unha falla e a solta todo se desfai. Formamos un grupo no que todos e todas temos algo que achegar e no que é preciso colaborar.

Avaliación: realízase de forma conxunta coa seguinte actividade.

A ter en conta:

Se a persoa facilitadora o considera axeitado, cada membro do grupo escribirá na arañeira da cartolina, a calidade que tiña destacado do compañeiro ou compañeira situada á súa dereita. Isto contribuirá a facer máis visibles as fortalezas do grupo.

Se o grupo non se coñece, en vez de dicir unha calidade doutra persoa, a que sostén o nobelo preséntase a si mesma dicindo o seu nome e destacando algún aspecto da súa personalidade ou algunha afición.

c) Xogos cooperativos II. As cadeiras cooperativas.

Duración: 20 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Mellorar a cooperación entre os e as participantes.
- Concienciar as persoas participantes de que é precisa a participación de todos e todas para conseguirmos un obxectivo común.

Materiais:

- Tantas cadeiras coma participantes.
- Reprodutor de música.
- Bolígrafos.

Desenvolvemento:

Colócanse tantas cadeiras en círculo (co apoio cara adentro) coma persoas participantes. Todas se sitúan de pé por fóra do círculo. Mentres soa a música, as persoas móvense ao redor das cadeiras ao ritmo da mesma, sempre no mesmo sentido. Cando a música deixa de oírse, tódalas persoas procuran unha cadeira a que se subir. Neste momento agrúpanse sobre elas e ninguén pode tocar o chan. Se o grupo completo o consegue, tírase unha cadeira e reiníciase o xogo. Loxicamente varias persoas poden compartir a mesma cadeira. Pouco a pouco, vaíse reducindo o número de cadeiras e será máis complicado mantérense tódalas persoas sobre elas. A dinámica finaliza cando sexa seguro, é dicir, que non se teñan que sentar demasiados nenos ou nenas nunha mesma cadeira. O importante é que tódalas persoas do grupo se axuden entre si, se alguén fica fóra, perden todos/as.

A ter en conta:

Se se considera máis oportuno pódense utilizar aros colocados no chan e tódalas persoas participantes meténdose dentro.

d) Avaliación:

Duración: 15 minutos

Desenvolvemento:

En grupos de 4 ou 5 persoas cubren a ficha sobre o que lles custa e lles gusta do traballo en equipo:

	CÚSTACHE	GÚSTACHE
+		
-		

Cada grupo exporá brevemente as súas conclusións ao resto da aula. Previamente terán escollido un/unha portavoz. Se hai dificultades con que alguén asuma a portavocía, a persoa dinamizadora axudará a que o grupo expoña as súas ideas, sen que exista presión cara a ningunha persoa do grupo.

6-8 anos





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Teatro imaxe.**

Duración: 40 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Promover que se tomen decisións conxuntas e o traballo en equipo.
- Xerar situacións onde estreitar a confianza.

Materiais:

- Aula ou espazo sen obstáculos e de dimensións amplas coma patios ou canchas deportivas.

Desenvolvemento:

En grupos de 3 ou 4 persoas representando construíndo cos seus corpos unha imaxe máis ou menos estática. As imaxes poden ser da temática que queiran; por exemplo unha máquina imaxinaria ou unha emoción (como sería o odio, a tranquilidade, o amor, o desprezo, a alegría etc..), ou os dereitos (dereito a xogar, dereito á saúde, etc..). Para iso cada subgrupo contará cuns 20 minutos para preparar a imaxe que ten que ser estática (aínda que pode incluír pequenos movementos repetitivos ou onomatopeas), que se expón diante do resto de compañeiros e compañeiras e se comenta en grupo.

c) Avaliación:

Realizamos unha serie de preguntas para contestar e valorar a actividade.

-
- Que nos pareceu?
 - Como nos sentimos?
 - Gustounos a actividade?
 - Foi difícil porse de acordo sobre o que e como representar?
-

Sesión 2.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Xogos cooperativos I. A árbore que deixa pegada.**

Duración: 20 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆



Obxectivos:

- Promover entre as persoas participantes a conciencia das súas propias habilidades.
- Interiorizar que a participación de todos e todas nos dá a oportunidade de aprendermos algo das demais.

Materiais:

- Debuxo dunha árbore (tronco e pólas) nunha cartolina.
- Acuarelas.
- Auga.
- Toalla para limpar as mans.

Desenvolvemento:

Sobre o modelo da árbore, cada persoa do grupo debuxa unha raíz cunha calidade ou habilidade que teña. Cando todos e todas o teñan feito, o grupo ponse dacordo en atribuír a cada habilidade, unha cor. (Tamén se poden agrupar por exemplo todas as habilidades deportivas dunha cor, as artísticas doutra, etc.).

Posteriormente, cada persoa pensa nalgunha desas habilidades que lles gustaría conseguir e deixa a súa pegada nas pólas coa cor correspondente. Así, o resultado final será unha árbore coas fortalezas do grupo como raíces e o podemos aprender unhas das outras nas follas.

Avaliación:

Realízase de forma conxunta coa seguinte actividade.

c) Xogos cooperativos II. O Labirinto.

Duración: 20 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Encontrar o xeito de comunicármonos dunha forma máis efectiva.
- Fomentar a confianza no resto do grupo.


Materiais:

- Pano ou tea para vendar os ollos.
- Xiz ou fita adhesiva.
- Aula despexada de mesas, patio, ximnasio, etc.
- Papel para escribir.
- Bolígrafo.

Desenvolvemento:

Delimítase no chan (con xiz, fita adhesiva, etc.) un labirinto con varias probas
segundo o seguinte modelo:






Por quendas, cada persoa do grupo ten que completar o percorrido cos ollos vendados, mentres o resto de compañeiros lle berra as indicacións. Non se pode tocar a persoa que está a realizar o percorrido. As persoas do grupo terán que atopar a forma de transmitir as instrucións dunha maneira eficaz, pondo de manifesto a importancia dunha boa comunicación para se conseguiren os obxectivos.

d) **Avaliación:**

Sentadas en círculo (en cadeiras ou no chan), cun papel para escribir e bolígrafo, pídese a unha persoa voluntaria para que recolla as conclusións das achegas que se cheguen a tirar, ao redor das seguintes cuestións:

- Resúltache máis doado traballar de xeito individual ou en equipo? Por que?
- Sentícheste incómodo ou incómoda nalgún intre?
- Como lle contarías a algún amigo ou amiga o que fixeches nesta hora?
- Que conclusións tiras da sesión de hoxe?

Para rematar, a persoa voluntaria expón brevemente as conclusións.



5.2 Condicións para a participación

Xa coñecemos o grupo e coñécennos. O ambiente de traballo é mellor, máis cohesionado e permítenos avanzar na construción deste proceso participativo único, como o noso grupo.

Agora temos por diante o desafío de crearmos as bases necesarias para que o grupo identifique, coa nosa axuda, como pode participar e cara a onde vai enfocar a súa atención.

Non se trata de determinar os temas a tratar, nin tan sequera de comezar a traballalos, pero si é preciso que comecemos a ver e entender que o traballo grupal non se fai coa suma de individualidades. O grupo terá que escoitarse, terá que debater e avanzar conxuntamente antes de decidir que e como vai traballar. Ánimo.

Non esquecer o Caderno de Campo ou
Caixa de Sentimentos en cada unha
das sesións das diferentes idades.





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10-15 minutos.

Lembramos:

1. Revísase se se cumpriron as normas e como se respectaron os dereitos na aula. Se o profesorado ou persoa dinamizadora atopou algunha noticia, conto, etc., pódese comentar.

2. Revisar algúns dos dereitos situándoo no El Salvador utilizando a información que aparece na web Educo.

<http://www.educo.org/QUE-HACEMOS/Donde-actuamos/El-Salvador>

b) **Actividade de introdución. A pelota imaxinaria.**

Duración: 10 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Pór de manifesto outras formas de comunicación alén da palabra.
- Promover entre as persoas do grupo que se respecten as diferentes formas de facer as cousas.

Materiais: ningún.

Desenvolvemento:

Nun círculo, cada participante (por quendas) imaxina que ten unha bóla e representa o que faría con ela: botar, dar toques coa cabeza, etc., e o resto do grupo imítalo.

Avaliación:

realízase de forma conxunta coa seguinte actividade.

c) **Cóntame un conto.**

Duración: 25 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Abordar os Dereitos da Infancia: "Teño dereito a aprender moitas cousas no colexio". "Teño dereito a vivir ben".
- Descubrir que moitas veces os nenos e nenas teñen dificultades ou non poden ir ao colexio por diferentes motivos, e que é algo que non pode ser que siga a acontecer porque reciben escolarización é un dereito de todos e todas as nenas e nenos do mundo.

Materiais:

- Libro "Por 4 esquinitas de nada" Jerome Rullier Editorial: Juventud

Desenvolvemento:

Contar o conto "Por 4 esquinitas de Nada" (páxina 86).



O noso protagonista é un cadrado pequeno, Cadradiño, cuxos amigos e amigas son círculos pequenos, os Redondiños. Todos xogan xuntos, pero chegou a hora de rematar co recreo e volver á aula (no conto orixinal fálase da Casa Grande que pode simbolizar calquera espazo) e Cadradiño, non pode entrar coma os seus amigos e amigas, porque a porta é redonda. Entre todos buscan unha solución. Serán quen de o resolver? Axudaranlle as súas amigas e amigos?

Preguntamos ao Grupo como resolverían a situación, que farían se un compañeiro ou compañeira non puidese entrar nunha aula? Poden facer algo para que outros nenos e nenas vaian ao colexio? Como lles gustaría que fosen as súas aulas, os seus colexios, parques...? Que ideas lles darían ás persoas adultas para que os nenos e as nenas vivisen mellor?

A ter en conta:

No caso de non atoparmos o conto na biblioteca do centro podemos atopalo no anexo 6.4 (pag. 86) ou utilizarmos o visionamento do conto a través deste vídeo:

https://www.youtube.com/watch?v=DBjka_zQBdQ

(contado por nenos/as)

o este <https://www.youtube.com/watch?v=YqRSgJFbJ1c>

(contado por unha contacontos).



d) Avaliación:

Podemos usar un sistema de caras sorridentes e caras tristes, ou cores para "valorizar" a sesión. A modo de semáforo, o verde indica que me gustou (estou de acordo), vermello que non me gustou (non estou de acordo) e amarelo se non sei ou non podo responder. As preguntas irán encamiñadas a como se sentiu participando:

- Gústavos que vos pregunten o que queredes facer?
- Queredes que vos pregunten máis veces?
- Gústavos ter que decidir?
- Gústavos decidir canda os demais membros do grupo?

Sesión 2.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10-15 minutos.

b) **Actividade. O mural de Cadradiño**

Duración: 25 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

Aprender conxuntamente co resto do grupo.

Traballar a idea de que os nenos e as nenas teñen dereito a vivir nas mellores condicións posibles.

Materiais:

- Papel continuo.
- Material para debuxar e colorar: papel continuo, pinturas, etc.

Desenvolvemento:

Lembramos o conto de Cadradiño e de como non podía entrar na aula e algunhas das propostas que fixeron para arranxar o problema.



Próponse pintar un mural grande cunha porta enorme sobre un gran anaco de papel continuo con todo aquilo que normalmente fica fóra da porta da escola, entidade ou segundo onde se realice a actividade e que nos gustaría que puidese entrar, como nos aconteceu con Cadradiño.

Tamén debuxaremos fóra da porta aquelas cousas que non nos gustan que estean na vida dos nenos e as nenas. E, por último debuxamos cousas que coidamos que podemos facer para que as nosas vidas (escolas, familias...) sexan mellores.

A ter en conta:

Para grupos de curta idade, podemos amosarlles debuxos ou fotografías que teremos seleccionado previamente e que vaian decidindo cales lles gustaría que estivesen nas súas vidas, cales non, cales lles prestaría poder facer... (ensinamos nenos/as na escola, traballando en minas, brincando, escolas con instalacións axeitadas, grupos de nenos/as a practicar deporte, actividades culturais, no médico...).

c) Avaliación:

Podemos usar o sistema de caras sorrintes e caras tristes, ou cores para "valorizar" a sesión. A modo de semáforo, o verde indica que me gustou (estou de acordo), vermello que non me gustou (non estou de acordo) e amarelo se non sei ou non podo responder. As preguntas procuran adiviñar como se sentiu:

- Gústavos que vos pregunten o que queredes facer?
- Queredes que vos pregunten máis veces?
- Gústavos ter que decidir?
- Gústavos decidir canda os demais membros do grupo?





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Actividade de introdución. O teléfono estragado.**

Duración: 10 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Demostrar a importancia de escoitar a mensaxe completa para entender o que nos queren dicir.
- Destacar o dereito a falarmos (ou a expresármolos) e a que nos escoiten.

Materiais:

- Espazo no que poder sentarnos en círculo.

Desenvolvemento:

Participantes e persoa facilitadora sentan facendo unha roda. Esta última comeza transmitíndolle unha mensaxe en segredo a quen ten á súa dereita. A mensaxe seguirá a correr pola roda dese xeito. Unha vez que a persoa á esquerda do ou da facilitadora recibe a mensaxe, dirao en voz alta. O grupo no seu conxunto pode determinar con que exactitude foi transmitida a mensaxe na súa viaxe ao redor do círculo.

Avaliación:

Realízase de forma conxunta coa seguinte actividade.

A ter en conta:

Polo xeral, a mensaxe resultante aseméllase máis ben pouco coa frase orixinal. A pesar de que iso adoita dar nas risas do grupo, cómpre deixar claro o dereito que todos e todas temos a expresármolos e a sermos escoitadas.

c) **Actividade. Centinelas do grupo.**

Duración: 30 minutos.

Grao de participación: ★★★★★

Obxectivos:

- Convidar o grupo a adoptar unha responsabilidade perante o resto.
- Crear grupos de traballo de forma participativa.
- Avaliar de forma participativa.

Materiais:

- Etiquetas ou adhesivos.
- Rotuladores

Desenvolvemento:

Convidase a que cada persoa adopte un tipo de rol no grupo. Pódense escoller os seguintes:

- **Centinelas do tempo:** son os que teñen consigo un reloxo e van axudando ás persoas dinamizadoras a controlaren os tempos de cada actividade durante unha sesión de traballo.
- **Centinelas dos coidados:** son as que irán observar como traballa o grupo, se alguén se sente mal, se precisa axuda dalgún tipo, se houber conflitos axudarán a resolvelos pacificamente.
- **Centinelas das quendas:** cando exista debate establecerase a quenda de palabra erguendo a man e as centinelas tomarán conta de xestionar as intervencións.



- **Centinelas da memoria:** encargadas do rexistro de sucesos, ideas, resultados que se vaian desenvolvendo durante a sesión de traballo. Pódese facer de forma escrita ou ben dotarse dunha cámara de fotos para que vaian rexistrando imaxes significativas do que vai acontecendo na sesión de traballo.

- **Centinelas en xeral:** o resto do grupo pode adoptar o rol de observar e anotar todas as cousas que acontecen ao longo da sesión e o que lles chama a atención.

Coméntaselle ao grupo que a persoa adulta que dinamiza a sesión será unha persoa que guiará a sesión pero que non intervirá nos roles das centinelas. Unha vez decididos os roles, colócaselle un adhesivo a cada participante, onde se debuxa unha icona para cada rol. Por exemplo: un reloxo para centinelas do tempo; un corazón para centinelas dos coidados; os números 1,2,3 para os e as centinelas das quendas; un bolígrafo ou cámara de fotos para as centinelas da memoria; un ollo para as e os centinelas en xeral.

A ter en conta:

Estes roles póñense en marcha ao comezo das distintas actividades, dinámicas ou debates plenarios. Se nalgún momento se precisa organizar subgrupos de traballo, pódese pedir ao grupo que se organice en pequenos grupos con premisas como:

- Que haxa centinelas de tódolos tipos en cada subgrupo.
- Que haxa igual número de rapaces que de rapazas.

Neste caso cómpre ter en conta que á hora de escoller os centinelas ten que haber un número mínimo coincidente co número de subgrupos que hai que facer.

c) Avaliación:

Esta primeira “sesión de creación” debe servir para probar o método, é dicir, que se utilice o proceso de creación de cada gardiá ou cada subgrupo para validar a ferramenta. Será imprescindible realizar a avaliación ao final. Neste caso fai parte da actividade, polo tanto, aprenderemos a funcionar de xeito participativo.

Realízase unha análise de cada centinela en relación ás cousas que pasaron, a partir das seguintes preguntas xeradoras:

- Como se sentiron co seu papel?
- Que dificultades atoparon?
- A persoa dinamizadora interviu demasiado adoptando o papel das centinelas?
- Outras...

As centinelas da memoria encargaranse de facilitar as notas e as fotos tomadas durante a sesión para que fiquen rexistradas como material para o grupo.





Sesión 2.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Actividade de introdución. Palabras corporais.**

Duración: 10 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Entender o traballo en equipo como un xeito de obter mellores resultados.
- Traballar ao redor da idea de que toda a infancia ten os mesmos Dereitos.

Materiais:

- Palabras escritas en maiúsculas nunhas follas.


Desenvolvemento:

Divídese o grupo en varios equipos (de 3 a 8 persoas). A cada equipo atribúeselle unha palabra non moi longa relacionada cos Dereitos (Paz, Ler, Falar, Oír, Vivir...). Cada grupo deberá, cos seus corpos, "escribir" a palabra. Pódeno facer tombadas formando unha letra cada unha ou dúas persoas, ou de pé, cada persoa intenta facer unha letra. Por separado non ten sentido, pero cando se une cada grupo, a palabra pódese chegar a ler.

(Adaptado de Fonte: http://www.terrativa.net/descargas/Juegos_coop_educacion_ambiental.pdf)

Avaliación:

- Resúltache máis doado traballar de xeito individual ou en equipo? Por que?
- Sentícheste incómodo ou incómoda nalgún intre?
- Como lle contarías a algún amigo ou amiga o que fixeches nesta hora?
- Que conclusións tiras da sesión de hoxe?





c) Obradoiro para a creación de ferramentas para a participación.

Duración: 30 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Tratar de forma práctica os artigos dos Dereitos de Infancia relacionados coa participación e a expresión de ideas.
- Promover o deseño e elaboración de ferramentas que permiten que os nenos e nenas participen con maior confianza.

Materiais:

- Material de refugallo: paus, caixas de cartón, caixas de queixiños, teas, caixas de CDs, bolsas de papel, etc.
- Goma espuma.
- Fitas celofán de cores.
- Carteis, folios, cartolinas de cores, material para debuxar e pintar.

Desenvolvemento:

Unha vez coñecidos os principais dereitos dos nenos e nenas (actividades previas), convídaselles a comentaren cuestións relacionadas co seu dereito á liberdade de expresión, participación e comunicación de ideas. Convídaselles a proporen ferramentas que faciliten:

- Que sexan escoitadas as súas ideas e propostas e que entre eles e elas poidan tamén compartilas.
- Que poidan expresar os seus sentimentos ou avaliar accións nas que se tivesen implicado.

Nesta proposta lanzamos cinco exemplos para realizar obradoiros creativos que sirvan para construír ferramentas de apoio a outras actividades do proceso:

• **O micrófono:** construción dun micrófono coa axuda de tubaxes de cartón, paus e enrolar na parte superior unha tea o goma espuma con fita de cores. O micrófono serve para apoiar a quenda de palabra nas actividades que contiveren espazos de debate e asemblea de grupo. Esta ferramenta pode ser útil coas persoas máis pequenas que non teñen experiencia para falar en público e axuda a motivar a toma de palabra..

• **A caixa de suxestións:** deseñar un soporte que permita recoller suxestións na aula, centro educativo, asociación, centro xuvenil, etc. Segundo a creatividade, espazo, material dispoñible, ideas... do grupo poden xurdir distintas formas de recoller ideas das demais (caixas de cartón ou tubaxes de cores cunha fenda, robots realizados con cartóns e decorados, etc.).

• **As caixas da emoción:** utilización de caixas de queixiños decoradas con facianas alegres e tristes. Serven para expresar de forma gráfica sentimentos de alegría, tristura ou outros que poidan interesar no grupo (enfado, agradecemento, etc.) coma se fosen emoticonas; tamén poden servir como ferramentas de avaliación dunha actividade ou sesión de traballo, como vimos nos apartados anteriores. Pódese convidar ao grupo a que escriba notas con cuestións relacionadas cos seus sentimentos ou valoracións ao longo do proceso.

Ao rematar, lense, extraendo unha historia de como evolucionaron e/ou transformándose as ideas e sentimentos.

• **O Recuncho da Comunicación:** deseño dun recuncho ou espazo dispoñible para o grupo que emprende o proceso participativo, que se vaia compartindo con grupos ou persoas externas: fitos, ideas, convocatorias, busca de recursos, talentos ou aliadas para accións concretas, etc. O grupo decide se dispor de distintos



apartados; buscar un lugar onde se poida localizar; tipo de soporte (corcho, colgadoiro, cartel, etc.), forma creativa de chamar a atención; responsables de comunicación; etc.

• **Unha mensaxe para ti:** creación dun panel onde cada integrante do grupo dispón dun espazo onde o resto lle pode deixar mensaxes, fotos, información necesaria, unha poesía, unha canción, unha adiviñanza, un segredo, etc. Por exemplo, pódese deseñar con sobres de cores (un por cada membro do grupo) e co nome, foto ou retrato de cada persoa. Tamén outros formatos como caixas baleiras de CD, bolsas de papel recicladas, etc. É unha ferramenta que permite favorecer a expresión de sentimentos en privado entre dúas persoas: por exemplo para agradecer algo, pedir desculpas por algunha intervención non moi axeitada, etc.


d) Avaliación:

Coas persoas do grupo formando un círculo, lánzanse as seguintes preguntas xeradoras:

- Que aspectos lles semellan máis positivos da construción da ferramenta?
- Que dificultades atoparon?

As gardiás da memoria encargaranse de facilitar as notas e as fotos tomadas durante a sesión para que fiquen rexistradas como material para o grupo.







Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Actividade de introdución: A escultura.**

Duración: 10 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Pór de manifesto outras formas de comunicación alén da palabra.
- Comprobar que existen distintos puntos de vista e tomalos todos en conta.

Materiais: ningún.

Desenvolvemento:

As persoas participantes do grupo divídense en parellas. En cada unha delas, unha persoas fará de escultor ou escultora e a outra será un bloque de arxila que se deixará modelar. A quen esculpir, proporcionaráselle unha ou dúas palabras (por exemplo: liberdade ou xogo), e terán que representalas coa persoa que fai de arxila sen falar, de xeito que non saiban que os demais están a tentar expor a mesma idea.

Cando teñan rematado de representar cada palabra, pediráselles que observen as demais esculturas. Cada unha expresará o concepto de xeito distinto polo que poderemos dar valor aos diferentes puntos de vista sobre unha mesma cuestión.

Posteriormente, a parella muda de rol con novas palabras (por exemplo: educación ou amizade) e repítese o proceso.

Avaliación:

- Resúltache máis doado traballar de xeito individual ou en equipo? Por que?
- Sentícheste incómodo ou incómoda nalgún intre?
- Como lle contarías a algún amigo ou amiga o que fixeches nesta hora?
- Que conclusións tiras da sesión de hoxe?

c) **Xogo das cadeiras.**

Duración: 30 minutos.

Grao de participación: ★★

Obxectivos:

- Tornar visible a desigualdade mundial.
- Reflexionar sobre as razóns do desequilibrio.
- Comprender os factores do Desenvolvemento Humano.

Materiais:

- Tantas cadeiras coma participantes.
- Mapas.

Desenvolvemento:

Contamos o número de participantes, reunimos no centro da aula tantas cadeiras coma participantes. Colocamos os nomes de cada continente nun recuncho diferente da aula.

Neste exercicio represéntase moi claramente como está repartido o mundo tanto en habitantes, coma en riqueza. A persoa que dinamiza, reparte os mapas polas paredes da sala. A continuación, explica ao grupo que van representar a distribución da poboación mundial. Díselles ás persoas participantes que se imaxinen



que todas elas representan os máis de 7 mil millóns de habitantes da Terra. Se a aula fose o mundo e o grupo a súa poboación total, cada participante representaría X millóns (**cadro 1**).

Distribución das e dos participantes segundo o reparto da poboación mundial

Base de Datos 2001

Número de xogadores	Europa	África	Asia /Oceanía	América Latina /Caribe	América do Norte	1 xogador representa
12	2	1	7	1	1	457 millóns de habitantes
13	2	1	8	1	1	422 millóns de habitantes
14	2	2	8	1	1	392 millóns de habitantes
15	2	2	9	1	1	366 millóns de habitantes
16	2	2	9	2	1	343 millóns de habitantes
17	3	2	10	2	1	325 millóns de habitantes
18	3	2	10	2	1	305 millóns de habitantes
19	3	2	11	2	1	289 millóns de habitantes
20	3	3	11	2	1	274 millóns de habitantes
21	3	3	12	2	1	261 millóns de habitantes
22	3	3	13	2	1	249 millóns de habitantes
23	3	3	14	2	1	239 millóns de habitantes
24	4	3	14	2	1	229 millóns de habitantes
25	4	3	15	2	1	219 millóns de habitantes
26	4	3	15	2	2	211 millóns de habitantes
27	4	3	16	2	2	203 millóns de habitantes
28	4	4	16	2	2	196 millóns de habitantes
29	4	4	17	2	2	189 millóns de habitantes
30	4	4	18	2	2	183 millóns de habitantes
31	4	4	18	3	2	177 millóns de habitantes
32	5	4	18	3	2	171 millóns de habitantes
33	5	4	19	3	2	166 millóns de habitantes
34	5	4	20	3	2	161 millóns de habitantes
35	5	4	21	3	2	157 millóns de habitantes
36	5	5	21	3	2	152 millóns de habitantes
37	5	5	22	3	2	148 millóns de habitantes
38	5	5	23	3	2	144 millóns de habitantes
39	6	5	23	3	2	141 millóns de habitantes
40	6	5	24	3	2	137 millóns de habitantes
41	6	5	24	4	2	134 millóns de habitantes
42	6	5	25	4	2	131 millóns de habitantes
43	6	5	26	4	2	128 millóns de habitantes
44	6	6	26	4	2	125 millóns de habitantes
45	6	6	27	4	2	122 millóns de habitantes
46	7	6	27	4	2	119 millóns de habitantes
47	7	6	28	4	2	117 millóns de habitantes
48	7	6	28	4	3	114 millóns de habitantes
49	7	6	29	4	3	112 millóns de habitantes
50	7	6	30	4	3	110 millóns de habitantes

Cadro 1

Despois, pedimos que se distribúan por áreas xeográficas (é dicir, que se coloquen debaixo dos carteis) segundo elas crean que está repartida a poboación mundial, de forma que reproduzan o máis exactamente posible a distribución da poboación mundial. Nesta fase a persoa dinamizadora deixa que cheguen a un acordo, a un consenso, que discutan e decidan, facendo preguntas e dando pistas, xa que coñecemos os datos (**cadro 2**).

	Habitantes en millóns	PIB en miles de millóns \$	PIB anual habit. en \$
África	771	1.773	2.300
Asia/Oceanía	3.597	16.269	4.523
América Latina/Caribe	523	3.667	7.011
América do Norte	319	10.636	33.342
Europa	870	12.577	14.456
Total	6.080	44.922	7.376

Cadro 2



Distribución das cadeiras segundo o reparto da riqueza mundial (PIB anual)

Base de Datos de 2001

Número de xogadores	Europa	África	Asia /Oceanía	América Latina /Caribe	América do Norte	Cada cadeira representa
12	4	0	4	1	3	1881 miles de millóns \$ USA
13	4	0	5	1	3	1736 miles de millóns \$ USA
14	4	1	5	1	3	1612 miles de millóns \$ USA
15	4	1	5	1	4	1505 miles de millóns \$ USA
16	4	1	6	1	4	1411 miles de millóns \$ USA
17	5	1	6	1	4	1328 miles de millóns \$ USA
18	5	1	7	1	4	1254 miles de millóns \$ USA
19	5	1	7	2	4	1188 miles de millóns \$ USA
20	5	1	7	2	5	1129 miles de millóns \$ USA
21	6	1	7	2	5	1075 miles de millóns \$ USA
22	6	1	8	2	5	1026 miles de millóns \$ USA
23	6	1	8	2	5	981 miles de millóns \$ USA
24	7	1	9	2	6	941 miles de millóns \$ USA
25	7	1	9	2	6	903 miles de millóns \$ USA
26	7	1	9	2	6	868 miles de millóns \$ USA
27	8	1	10	2	6	836 miles de millóns \$ USA
28	8	1	10	2	7	806 miles de millóns \$ USA
29	8	1	11	2	7	778 miles de millóns \$ USA
30	8	1	11	3	7	752 miles de millóns \$ USA
31	9	1	11	3	7	728 miles de millóns \$ USA
32	9	1	12	3	8	705 miles de millóns \$ USA
33	9	1	12	3	8	684 miles de millóns \$ USA
34	10	1	12	3	8	664 miles de millóns \$ USA
35	10	1	13	3	8	645 miles de millóns \$ USA
36	10	1	13	3	9	627 miles de millóns \$ USA
37	10	1	14	3	9	610 miles de millóns \$ USA
38	11	1	14	3	9	594 miles de millóns \$ USA
39	11	2	14	3	9	579 miles de millóns \$ USA
40	11	2	15	3	9	564 miles de millóns \$ USA
41	11	2	15	3	10	551 miles de millóns \$ USA
42	12	2	15	3	10	537 miles de millóns \$ USA
43	12	2	16	3	10	525 miles de millóns \$ USA
44	12	2	16	4	10	513 miles de millóns \$ USA
45	12	2	16	4	11	502 miles de millóns \$ USA
46	12	2	17	4	11	491 miles de millóns \$ USA
47	13	2	17	4	11	480 miles de millóns \$ USA
48	14	2	17	4	11	470 miles de millóns \$ USA
49	14	2	18	4	11	461 miles de millóns \$ USA
50	14	2	18	4	12	451 miles de millóns \$ USA

Fontes: PNUD. Informe de Desarrollo Humano, 2003
ITECO (Bélxica)

Modérase o debate para ter en conta tódolos puntos de vista e que cheguen a acordos. Unha vez que o grupo se estabilizou e deixou de moverse, ofreceremos as cifras reais e corríxese a simbolización se fose necesario.

Nesta parte do xogo xa temos repartidas as persoas, agora vamos repartir as riquezas. As cadeiras representan o PIB mundial, hai unha cadeira por habitante, cada cadeira representa X millóns de dólares (**ver cadro 3**), polo tanto hai cartos para todas, pero, como está repartido? Pídeselle ao grupo que colla para o seu continente tantas cadeiras coma considere que teña na realidade. O procedemento é exactamente o mesmo que para a fase anterior: o grupo debate e a persoa dinamizadora pregunta, achega pistas, realiza suxestións, mentres o resto do grupo debe chegar a un acordo. A continuación, a persoa dinamizadora dá as cifras reais e corrixe a representación.



Para rematar o exercicio, as persoas de cada área teñen que ocupar tódalas cadeiras do seu continente. Ningunha cadeira pode ficar baleira e ninguén pode ficar no chan. Hai que subir ás cadeiras como sexa.

A ter en conta:

Algunhas preguntas para o debate:

- Cantas veces tivestes que reubicarvos ou reubicar as cadeiras?
- Coñeciades de verdade o mundo no que vivimos?
- Que parte vos custou máis resolver? Sorprendeuvos algún reparto en especial?
- Que sentides en Europa e América do Norte cando vedes como está a xente do grupo de África, Asia, América do Sur?
- Precisábanse todas esas cadeiras, sentándose tan pouca xente?
- Que sentides en África e Asia vendo ás de Europa e América do Norte tan cómodas?
- Credes que os números globais son suficientes para explicar o que acontece dentro de cada país?
- Tanto as persoas participantes como a dinamizadora vivimos en Europa, temos a sensación de vivir tan cómodas coma na representación ou pensamos que nos faltan moitas cousas?
- Credes que tódalas persoas que viven en Europa e América do Norte viven tan ben, ou hai persoas que non teñen ese benestar?

Sorprende que o continente con máis cadeiras sexa Asia, con todo, cómpre lembrar que en Asia atopámonos con países coma o Xapón, países petroleiros coma Qatar...e economías emerxentes coma a India ou China, onde a pesar de que a riqueza per cápita sexa pequena, en números brutos é moi alta porque son países que entrámbolos dous suman 2.500 millóns de persoas.





Normalmente, en América Latina hai tantas cadeiras coma persoas, polo tanto, están cómodas. Daquela podemos preguntar: En América Latina non hai pobreza? E deben reflexionar sobre o reparto da riqueza: cada persoa non ten unha cadeira, senón que ha de haber unha persoa que teña case tódalas cadeiras, e moitas persoas que se teñan que contentar con media cadeira. América Latina é a zona do mundo con maior índice de desigualdade entre riqueza/pobreza.

- Cres que é verdade que cantos máis habitantes, máis pobreza?
- Podes atopar exemplos contrapostos que desmintan o prexuízo? Exemplo. Xapón: sobrepoboado, sen recursos naturais e moi rico. República Democrática do Congo: pouca densidade de poboación, moitos recursos naturais e moi pobre.
- Por que credes que se dan estas diferenzas vivindo no mesmo país ou continente?

Tódalas cadeiras que teñen os países do Norte, toda a riqueza monetaria, saíu dos seus territorios? Teñen todos os recursos enerxéticos e materiais precisos? Colléronos doutros sitios? De que rexións? Como quedaron esas rexións?

A gran maioría das riquezas naturais que abastecen o mundo están en países con densidade de poboación alta e elevados índices de pobreza e qu chegan a sufrir fame, como son as relacións internacionais na troca de riquezas? O sistema mundial é xusto ou inxusto? O que se pode facer para mudalo?

d) Avaliación:

Nun encerado ou papel continuo debuxamos dous termómetros ou regras horizontais de gran tamaño, que se relacionará co "Grupo" e "Eu". Trátase de que cada persoa valorice a súa participación na sesión e como traballou o grupo. Deberán facer unha marca do nivel de participación individual e colectiva de cada medidor.

Ao rematar, a persoa dinamizadora deberá rodear cun círculo a área de maior valoración do medidor "Grupo". Pídense argumentos ás persoas participantes, especialmente a aquelas que deron valoracións máis altas e máis baixas.

Sesión 2.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Actividade de introducción: Moléculas.**

Duración: 10 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Entender a necesidade de confiar noutras persoas para traballar en equipo.
- Introducir o Dereito a asociarse, a traballar en equipo.

Materiais: ningún.

Desenvolvemento:

Explicamos que tódalas persoas, animais e plantas estamos formados por unhas cousas pequenas chamadas moléculas, que se crean ao se uniren outras cousas pequenas chamadas átomos. Cada persoa no grupo será un átomo que deberá unirse con outros para formar unha molécula. Os átomos caracterízanse por non pararen de moverse, así que teremos que estar en continuo movemento (saltando). Cando o grupo leve uns



segundos a remexerse diremos: molécula de dous (deberán unirse de dous en dous); molécula de tres; molécula de seis... deberán organizarse ao chou para uniren as moléculas que lles iremos indicando. Podemos introducir variantes como: moléculas de dúas nenas e un neno; moléculas de dous nenos e dúas nenas...

Avaliación:

Realízase de forma conxunta coa seguinte actividade.

c) A roda de opinión.

Duración: 30 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Coñecer as ideas en relación aos Dereitos da Infancia de tódalas persoas do grupo dun xeito simple e rápido, sen confrontacións.
- Proporcionar ferramentas para o debate de ideas sen que falle a achega individual, facilitando así a participación das nenas e nenos máis tímidos.
- Aprender a construír ideas colectivamente coa escoita activa das ideas de tódalas persoas do grupo.

Materiais:

- Reprodutor de música.
- Papel e bolígrafos.

Desenvolvemento:

Escóllese un dereito da infancia ou unha situación máis concreta e cotiá dos nenos e nenas relacionada coa vulneración dun dereito, as diferenzas entre distintos países, cuestións cotiás do seu día a día (non os deixan xogar coa pelota no patio do seu barrio, non se lles pide opinión sobre as súas actividades extraescolares, hai algunha forma de acoso no centro escolar, espazos públicos municipais abandonados próximos á escola, etc.).

Organízanse dous grupos co mesmo número de participantes: un colócase formando un círculo e ollando cara fóra; o outro, tamén en círculo rodeando o anterior ollando cara dentro. De tal maneira que queden confrontados por parellas. A dinámica consiste en que nunha primeira fase, os nenos e nenas de fóra fan as preguntas para coñecer as opinións dos de dentro, a través da rotación do círculo de dentro. As quendas de opinión son rápidas (non máis de 1-2 minutos por pregunta). A persoa dinamizadora pode marcar os tempos cun instrumento, palmadas, apagando música de fondo... unha vez que os nenos e nenas de fóra teñan entrevistado aos de dentro, trocan os papeis, facendo roda, desta vez, o círculo de fóra e preguntando os de dentro. Deste xeito, tódalas persoas han coñecer as ideas do resto e ademais, a medida que transcorre a dinámica, van construíndo distintas opinións e ideas a partir das escoitadas e que despois achegarán sucesivamente noutras quendas de entrevista.

Ao remate das dúas rodas de opinión pídeselle ao grupo que comparta as impresións xerais sobre o tema a tratar con cuestións coma:

- Que ideas me pareceron interesantes?
- Que cousas aprendín?
- Que podemos facer a partir de agora?
- Mudou en algo a túa opinión respecto ás achegas do resto do grupo?

A ter en conta:

Un aspecto importante é se as persoas participantes teñen práctica no debate de ideas, por exemplo membros de Consellos de Infancia. Se non é así, convén centrar moi ben o tema e motivar a curiosidade sobre o que opina o resto de persoas do grupo en torno dunha temática que lles afecte e interese.

Recomendacións: Facer unha listaxe das respostas dadas polo grupo para poder documentalas e ter material de incidencia/denuncia do que, na súa opinión, habería que mellorar.

d) Avaliación:

Nun encerado ou papel continuo debuxamos dous termómetros ou regras horizontais de gran tamaño, que se relacionará co "Grupo" e "Eu". Trátase de que cada persoa valorice a súa participación na sesión e como traballou o grupo. Deberán facer unha marca do nivel de participación individual e colectiva de cada medidor.

Ao rematar, a persoa dinamizadora deberá rodear cun círculo a área de maior valoración do medidor "Grupo". Pídense argumentos ás persoas participantes, especialmente a aquelas que deron valoracións máis altas e máis baixas.





Neste bloque entramos no ecuador do proceso, momento no que habemos decidir cara onde quere continuar o grupo. Facilitamos espazos para que as persoas participantes tomen conciencia de cales son os seus dereitos, para cohesionar o grupo, para entender que tódalas nenas e nenos do mundo deben gozar dos mesmos dereitos. Moi importante tamén o bloque anterior, xa que nos facilitou as condicións que teñen que existir para que se produza unha participación real. Dende a nosa óptica non debemos esquecer a importancia do proceso en si, o camiño percorrido, de gozar en cada sesión.

Nesta etapa seguimos traballando estes dous eixes transversais, os Dereitos da Nenez e a Educación para a Participación, pero toca ir definindo un proxecto. Traballaremos actividades co obxectivo de que nenas e nenos experimenten e se vexan inmersas en simulacións sobre procesos de participación e que poidan identificar situacións nas que vexan necesaria a súa participación para obter o obxectivo proposto. En definitiva, sentar bases para que no seguinte bloque se coñeza como son os procesos participativos e que se pode encontrar, os pros e contras, obstáculos, recompensas.

Non esquecer o Caderno de Campo ou
Caixa de Sentimentos en cada unha
das sesións das diferentes idades.





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Os zapatos viaxeiros.**

Duración: 40 minutos.

Grao de participación: ★

Obxectivos:

- Mellorar as dinámicas de cooperación entre as persoas do grupo.

Materiais:

- Un saco ou bolsa do lixo grande para meter os zapatos.
- Un antifaz ou pano para a persoa dinamizadora.
- Polo menos dúas persoas dinamizadoras.

Desenvolvemento:

Cada participante debe entregar un zapato e agardar a que alguén llo volva sacar para recuperalo. Todas se deben manter no seu sitio ata que chegue a vez delas.

As persoas educadoras comentarán ao grupo que están moi cansas e que lles doe un pé. Por iso se quitarán o zapato e convidarán aos demais a que tamén o quiten. As nenas e os nenos deberán estar sentadas no chan formando un círculo.

Cada neno e nena, tal como a dinamizadora, botará o seu zapato ao gran saco, o cal sacárase do círculo co obxectivo de que un ladrón os leve sen o coñecemento previo do grupo.

Unha das dinamizadoras sairá ao rescate dos zapatos logrando alcanzar o ladrón (outra dinamizadora) Aproveitando que recuperou o saco, sacará un dos zapatos e deberá buscar o seu dono para entregarllo e axudarlle a poñelo. Quen o teña recuperado será quen se encargue de sacar o próximo zapato e repetir a acción anterior. Así sucesivamente ata que tódalas participantes teñan recuperado o seu zapato e podido axudar ao resto do grupo.

c) Avaliación:

Cos nenos e nenas sentadas facendo a roda, tratando de que conteste todo o grupo, rematamos:

- Gustouche o xogo?
- Que se precisa para que todas teñamos postos os nosos zapatos?
- Gústache máis axudar ou que che axuden?
- ...E outras que se vos ocorran.

Sesión 2.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Como me gustaría que fose...**

Duración: 40 minutos.



Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Promover a participación de todo o grupo.

Materiais:

- Papelógrafo, cartolina, folios, etc.
- Rotuladores, pinturas, témperas, etc.
- Recortes de revistas.
- Calquera outro material que sirva para a expresión artística.

Desenvolvemento:

Divídese o conxunto do grupo en catro subgrupos. A cada un deles facilítaselle un soporte en papel (cartolinas, folios, etc.) e os materiais que se consideren oportunos para que poidan deixar constancia da súa opinión (rotuladores, pinturas, recortes de revistas ou calquera outro que se considere oportuno).

En dous grupos facer dous debuxos, un por grupo:


- Un que reflecta a escola/aula ou parque/cidade que lles gustaría ter, no debuxo debe aparecer aquilo que máis lles guste, nenos e nenas a faceren actividades que lles gusten, etc.
- Outro que reflecta a escola/clase ou parque/cidade marcando aquelas cousas que non lles gustan (sucidade, cousas rotas etc.), que apareza no debuxo o que non lles gusta e lles gustaría, polo tanto, mellorar.

Finalmente, cada grupo amosa e explica ao resto da aula o que fixo. A persoa dinamizadora anima a que os demais engadan algo ao resultado de cada un dos grupos.

c) Avaliación:

Facendo unha roda, sentados, lánzanselle ao grupo as seguintes preguntas:

- Gustouvos este xeito de traballar?
- Como vos sentistes ao poder dar a vosa opinión?
- Hai alguén que non se teña sentido escoitado/escoitada?
- Credes que aprendestes algo da actividade ou do recuncho dos dereitos?





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **O detective despistado I.**

Duración: 40 minutos.

Grao de participación: ★★★★★

Obxectivos:

- Dar a coñecer aspectos relacionados cos Dereitos da Nenez na súa contorna e no contexto doutras nenas e nenos.
- Xerar espazos para que nenas e nenos expresen como entenden os seus dereitos.

Materiais:

- Espazo aula ou semellante.
- Plastilina.
- Fichas coas adiviñanzas.
- Cartolinas.
- (Segundo a técnica a utilizar) Rotuladores e/ou pinturas; ou fotos de revistas-xornais-comics, pegamento e tesoiras.

Desenvolvemento:

Un detective imaxinario (pode ser a educadora, unha persoa facilitadora ou unha persoa do grupo) ten que solucionar diferentes situacións relacionadas cos Dereitos da Nenez. Estas situacións non só acontecen no contexto das nenas e nenos que realizan a actividade, senón que poden ocorrer en calquera país, contexto sociocultural, etc.

Esta primeira sesión transcorre en dúas partes:

Parte 1:

Nesta primeira parte habemos traballar sobre o dereito a accedermos a unha alimentación axeitada para o desenvolvemento da infancia. Para iso, facilitamos ao grupo unhas fichas con algunhas adiviñanzas e a detective deberá acertar o alimento que se agocha por detrás de cada adiviñanza. Para axudarlle, o grupo ha ter que modelar en plastilina o alimento de que se trate cada vez. O número de adiviñanzas pode variar entre unha adiviñanza por nena ou neno, ou unha adiviñanza por parellas. A facilitadora comprobará o número de nenas e nenos que forman o grupo e fará un reparto equitativo.

Parte 2:

Esta segunda parte trata do dereito de nenas e nenos a viviren nun fogar e un ambiente seguro. Neste caso a detective non sabe que é o que debe ter unha casa para poder vivir nela. Para iso, o grupo pode amosar que é realmente necesario para que un fogar sexa habitable utilizando a técnica que máis lle guste como por exemplo deseñando con cores, facendo unha colaxe. No caso da colaxe debemos pedir con anterioridade que traian revistas, xornais vellos, etc. Se o grupo tiver dúbidas, poderase introducir con algunha pregunta como: Que precisamos para nos asear? Que precisamos para podermos ver de noite? Que precisamos para non pasarmos frío? Etc..

A ter en conta:

Ao rematarmos a primeira parte desta sesión lembraremos ao grupo que "tódolos nenos e nenas do mundo temos dereito a unha alimentación saudable" También lle lembraremos ao grupo ao rematarmos a segunda parte, que "tódalas nenas e nenos do mundo teñen dereito a vivir nun fogar onde poidan estar ben".

c) Avaliación:

Facendo unha roda, sentados, lánzanselle ao grupo as seguintes preguntas:

- Gustouvos a forma como traballamos as dúas partes da actividade?
- Sentístesvos ben?
- Pensades que tódalas nenas e nenos do mundo poden gozar de todo o que vimos?
- Que podemos facer nós para que outros nenos e nenas poidan ter unha vida mellor?

Sesión 2.

a) O recuncho dos Dereitos. Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.





b) O detective despistado II.

Duración: 40 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Dar a coñecer aspectos relacionados cos Dereitos da Nenez na súa contorna e no contexto doutras nenas e nenos.
- Xerar espazos para que nenas e nenos expresen como entenden os seus dereitos.

Materiais:

- Espazo aula ou semellante.
- Papel continuo para o mural.
- Cores (segundo a técnica escollida): rotuladores, témperas, pintura de mans, acuarelas, etc.
- Cartolinas y/ou folios (Opcional).
- Elementos para decorar o mural (follas, flores, ramiñas, manualidades, etc.).

Desenvolvemento:

A actividade é a continuación da sesión anterior, na que o detective despistado precisaba de axuda do grupo para adiviñar elementos chave no desenvolvemento de nenas e nenos. Así pois, nesta sesión o grupo volverá traballar sobre elementos necesarios e beneficiosos para o desenvolvemento de nenas e nenos.

A actividade desenvólvese en dúas partes:

Parte 1:

Neste caso abordaremos o acceso á educación e a escola como un espazo de desenvolvemento. Neste caso é “o detective” quen terá que convencer ao grupo de que a escola non amola. Así que para iso a persoa dinamizadora motivará ao grupo preguntando cales son as cousas que fan seguido no colexio e que é o que máis lles presta. Unha vez teñan pensado ben sobre a escola, recollerano nun mural mediante a técnica que prefiran. Pode ser debuxado en folios de xeito individual e despois incorporados ao mural; pode ser colorando con pintura de mans; con témperas; acuarelas; debuxando cartolinas por grupos e xuntándoas no mural, etc.

Parte 2:

Xa deixamos dito cales son as cousas máis importantes e as que máis nos gusta da nosa escola, agora nenas e nenas decidirán como queren decorar o mural que creamos. Para iso, e recordándolles que tódalas nenas e nenos do mundo teñen dereito a opinar sobre tódalas cousas que lles afectan, completarán o mural cos elementos que estean ao seu alcace e que previamente teñan buscado, recollido e/ou creado.

A ter en conta:

Para a parte 1:

Para tornar máis facil o traballo pódese chegar a un acordo sobre que técnicas e/ou materiais iremos empregar para así preparalos con anterioridade, en función da dispoñibilidade do centro, custe de materiais, etc; así como facilitar ao grupo que poidan escoller os elementos que lles gustaría obter para decoraren o mural. Estes elementos han depender do ambiente en que for realizada a actividade, que poderá ser ao aire libre, nun parque, nunha aula, etc., xa que en función de onde se atopar o grupo, os elementos serán uns ou outros.



Para a parte 2:

Para a parte 2 faremos fincapé en que todas temos dereito a opinar sobre os asuntos que nos afecten, pero tan importante coma iso é que nas decisións que se tomen con relación á nenez deberá ser tido en conta o interese superior do menor. Isto quere dicir que todo o que aconteza ao redor de nenas e nenos ten que ser o mellor para elas, e para isto, as persoas responsables da educación de cada neno e nena teñen moito que dicir.

Este traballo pode ser exposto en zonas comúns do centro xuvenil, escola... etc.

c) Avaliación:

Facendo unha roda, sentados, lánzanselle ao grupo as seguintes preguntas:

- Gustaríavos que a escola fose doutro xeito?
- Que vos pareceron as actividades, entendedes que os dereitos son iguais para todas as nenas e nenos do mundo?
- Onde queredes pór o/os paneis que creastes?





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Ollando cara ao Mundo.**

Duración: 40 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Tornar visible a desigualdade mundial.
- Reflexionar sobre as razóns do desequilibrio.
- Comprender os factores do Desenvolvemento Humano.

Materiais:

- Computador e proxector para poder visualizar os mapa.
- Espazo aula para realizar a actividade.

Desenvolvemento:

Parte 1: A flor e a casa.

Cóntaselle a nenos e nenas que na aula de hoxe imos ver unha morea de mapas, que será case coma unha aula de Xeografía. Con todo, antes de comezar e nun par de minutos, no seu caderno ou nun folio deberán facer dous debuxos: unha casa e unha flor (se non coñecedes a dinámica convidámosvos a que tamén debuxedes iso antes de seguides). Non se supervisa o que debuxan.

Unha vez pasado o tempo e antes de que nos amosen os seus debuxos dicímoslles que somos adiviños e amosámoslles os nosos 2 debuxos (feitos por nós, ou ben por imaxes de Internet).

Os debuxos que amosamos son dunha casa típica con tellado a dúas augas, cheminea e unha margarida. O 95% da aula terá feito estes 2 debuxos con, talvez, algunha variante, pero de tódalas casas que se poden debuxar será unha estrutura semellante mesmo con cheminea (póñense exemplos doutros tipos de casas, edificios onde adoitan vivir eles, preguntáselles cantos teñen cheminea, e danse outros exemplos de casas: iglú, tipi, castelo, niños, etc. Coméntase que dos máis de 10.000 tipos de flores que segundo os botánicos existen no mundo, case todas debuxamos unha margarida (se cadra haxa quen debuxe un tulipán ou unha rosa) a que se debe isto? Pois, a aquilo que nos ensinaron a facer dende miúdos, á forma de vermos e interpretarmos o mundo. Así, hoxe iremos utilizar unhas lentes para ver dun xeito diferente o planeta.

Parte 2: Os Mapas. (Anexo 6.7, páxina 89).

Os mapas son representacións planas dunha parte ou da totalidade da superficie terrestre. É unha representación, isto é, non é a realidade exacta.

Na aula de hoxe, imos ver moitos mapas, todos están ben mais iremos necesitar da axuda do grupo para podermos reflexionar e entender estes mapas..

1er Mapa: Mapa de Peters ao revés.

Coa imaxe do revés, preguntámoslle ao grupo: Está o mapa mal? Haberá quen responda que si, que está do revés, preguntámoslles onde fica o norte, onde o sur (aínda que se poden embarullar un pouco), rapidamente se dan cadrado, mesmo estando ao revés porque, lembrámosllo na aula de hoxe, ningún mapa é incorrecto, pero xa que parece que estean incómodos podemos virar o mapa e poñelo "recto". Vólveselles preguntar se ven algo raro e aí haberá quen responda que as cores ou quen diga que os continentes están estirados. Unha vez que se dean de conta disto pomos o 2º Mapa.



2º Mapa: Proxección de Mercator.

Xa que cos continentes estirados seguen a estar algo incómodos, pómoslles “o seu mapa”, o que levan vendo sempre, a súa flor, a súa casa. Dámoslles a coñecer a data de creación e o uso dado a ese mapa, que foi moi utilizado para a navegación e para dar conta das rutas mercantes. Pero este mapa ten algo peculiar que é a Antártida ou Groenlandia, que son enormes.

Pódense facer varias preguntas sobre este mapa:

- Como é posible que a Antártida (14 millóns de Km²) sexa case igual de grande có resto de continentes xuntos (137 millóns de Km²)?
- Reflicte este mapa que África é case o triplo en extensión que Europa?
- Reparaches na diferenza entre América do Sur cos seus 18 millóns de Km² e Groenlandia cos seus 2,5 millóns de Km²?

3º Mapa Comparación de Mapas.

Como vemos, o mapa que levamos vendo toda a nosa vida, engánanos visualmente falando, por que é que acontece iso?: un dos principais problemas da cartografía consiste en representar sobre un plano (o mapa) unha superficie esférica (a Terra). Desde polo menos o século XIX, sábese que é imposible representar todos os puntos dunha esfera nun plano e que, así mesmo, a imaxe orixinal (esférica) sempre se ha ver suxeita a distorsións ao ser representada no plano. Por iso un señor nacido en Berlín e chamado Arno Peters, crea en 1979 un mapa que representa os tamaños reais dos continentes e que nos permite ver e observar o grande que é África en comparación con outros territorios:

A persoa dinamizadora finaliza esta parte lembrando que os mapas non están mal, só que son diferentes representacións e que a nosa intención é que o grupo poida ver outros tipos de mapas aos que, se cadra están menos afeitos.

4º Outros mapas.

Como estamos a ver diferentes mapas, talvez sexa bo vermos outros mapas diferentes:

<http://www.thepoliticalcesspool.org/jamesedwards/wp-content/uploads/2014/05/Worldatnight.jpg>
O mundo de noite. Gasto de luz eléctrica, vemos que gran parte do planeta está ás escuras.

http://xcmoulds.com/upload/Image/contact_map/world_en.jpg

Amósase este mapa e pregúntase se está ben ou mal. Preguntamos que lle acontece e que coidan que pode ser. Se non chegan a ningunha conclusión, preguntámoslles quen cren elas que estudarán este mapa: a resposta é China.

A explicación é que como a nós nos gusta vernos máis ou menos no centro do mapa, ao resto do mundo tamén. Ninguén quere estar nunha esquina e ser pequeno, sentimos máis comodidade se estamos no centro, somos protagonistas e a xente fainos caso.

A ter en conta:

Como vimos, os mapas son representacións do Mundo que queremos ver, que queremos ensinar, por iso imos ver outros mapas con outras formas que nos mostran outros problemas:

Acceso a Educación Primaria das nenas

<http://www.worldmapper.org/images/largepng/201.png>

Desnutrición Infantil

<http://www.worldmapper.org/images/largepng/182.png>

Traballo Infantil

<http://www.worldmapper.org/images/largepng/135.png>



Unha vez vistos estes mapas podemos reflexionar sobre algunhas cuestións co grupo:

- Que opinades do reparto da riqueza no mundo?
- Existe relación entre o reparto da riqueza e o reparto de dereitos?
- Sabedes cales son os vosos dereitos, os dereitos das nenas e dos nenos?
- O sistema mundial é xusto ou inxusto? O que se pode facer para mudalo?

Sesión 2.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **O soño dunha viaxe.**

Duración: 50 minutos. Ou as sesións que a persoa dinamizadora considere necesarias.

Grao de participación: ★★★★★

Obxectivos:

- Propiciar o debate en relación aos Dereitos da Infancia na súa contorna e noutras culturas, acheando propostas de interese común.
- Visibilizar as potencialidades do grupo para imaxinar accións de futuro desexables.

Materiais:

- Cartolinas, revistas e imaxes para facer colaxe.
- Folios, pinturas.
- Caixa de recolla de ideas.

Desenvolvemento:

A dinámica desenvólvese en cinco fases.

• **Fase imaxinativa:** de forma previa poranse unhas caixas que han servir para recollermos ideas de accións a desenvolver na aula, no centro escolar, no centro xuvenil, club de lecer, no Consello de Infancia, etc. Con posterioriadde realízase unha chuvia de ideas sobre propostas concretas de accións que queren desenvolver os nenos e nenas, por exemplo: denunciar unha vulneración sobre Dereitos da Infancia na súa contorna ou noutras culturas, dar información e facer difusión sobre algunha cuestión que lles interese compartir con outros, expor resultados dos seus traballos, proxectos, investigacións ou producións en relación coa temática de interese, xunto coas achegas á caixa de correo.

• **Fase decisiva:** coméntanse os resultados e escóllese a proposta que máis interese ao grupo mediante unha escolla por consenso, é dicir, escoller unha opción na que se sinta todo o grupo interesado e á vontade, propondo as seguintes preguntas:

- Que proposta é a que máis me gusta (non ten porque ser a que se teña achegado persoalmente)?
- Que proposta non che me gusta nada e vetaría (explicar o que é vetar)?
- Que proposta non me gusta, pero que estaría disposta a aceptar e apoiar?
- Poderíase deseñar unha proposta nova a partir das ideas doutras propostas previas?

No caso de existir máis dunha proposta que o conxunto do grupo asume, intentamos definilas en común sen que sexan excluíntes, combinándolas entre si para que ninguén fiquen fóra, por exemplo: “facer un *flashmob* e unha campaña de carteis”. Se non hai consenso, propónse votar dúas ou tres propostas por persoa. Visualí-



zanse os resultados desa consulta, vólvese debater e escóllese a acción de interese (non ten porque ser a máis votada). As preguntas para o debate poden ser

- Que proposta é máis chamativa, creativa?
- Cal nos apetecería máis pór en marcha?

• **Fase crítica:** trátase de motivar a actitude crítica, convidando a porse negativos fronte á acción escollida, buscar problemáticas. Elabórase unha listaxe de problemas que se apuntan en tarxetas, pintando con debuxos.

• **Fase de imaxinación:** pónense en positivo as críticas e problemas expostos incluíndo todas as capacidades e habilidades das persoas do grupo, os posibles aliados externos ao grupo para emprender a acción, expón-dose a través dun esquema conceptual creativo.

• **Fase de deseño da acción:** trátase de cubrir entre todas as persoas do grupo unha táboa onde se ten que definir: o tipo de acción, o tempo, os recursos necesarios e os dispoñibles, as personas implicadas, a distribución de tarefas, etc.

A ter en conta:

Esta é a primeira ocasión na que non traballamos de xeito específico a actividade do observatorio de dereitos, xa que tódolos resultados obtidos até este momento convértese na análise da situación inicial, ou a recolla de información sobre como viven os nenos e nenas.

Durante a primeira fase irán xurdir moitas ideas, algunhas delas sen moito xeito, pero é importante que o grupo sinta como propias todas e cada unha das ideas que finalmente decidan como as máis importantes. Para iso, cómpre facilitar o debate e o consenso durante a sesión.

Lembremos que o importante é o proceso participativo, non o resultado final. Unha vez que teñamos as ideas que o grupo quere levar adiante, analizaremos os hándicaps que nos podemos atopar para despois pór en positivo estes problemas organizando un cadro de reparto de tarefas no que todas as persoas que quixeren participar teñan un espazo e se sintan parte do proceso.



As actividades aquí propostas son ferramentas que conducen a nenos e nenas a tomaren parte activamente na súa contorna, non só coma unha actividade concreta na aula ou entidade, senón coma un proxecto de mellora da súa realidade a través da participación.

Achegámosvos algunhas propostas que, dende a nosa propia experiencia, consideramos de utilidade para docentes e educadoras, aínda que a imaxinación e as propias inquiredanzas do grupo serán as que posibiliten moitas máis actividades nas que se queira participar e formar, por iniciativa propia, parte deste proceso.

Non esquecer o Caderno de Campo ou Caixa de Sentimentos en cada unha das sesións das diferentes idades.



Sesión 1.

a) O recuncho dos Dereitos. Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) Vixiando Días Internacionais.

Duración: 40 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆

Obxectivos:

- Ampliar o coñecemento sobre os Dereitos da Infancia e sobre os días internacionais.
- Fomentar o traballo en equipo, a busca, o proceso e o intercambio de información, a creatividade e a reflexión.

Materiais:

- Cartolinas Din A3.
- Rotuladores.
- Pegamento.
- Tesoira.
- Pintura de dedos.



Desenvolvemento:

Infórmase ao grupo sobre os Días Internacionais que se celebran no mundo. Que son e por que os celebramos. Aquí algúns dos que propomos:

8 de marzo - Día Internacional da Muller.

21 de maio - Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento.

5 de xuño - Día Mundial do Medio Ambiente.

8 de setembro - Día Internacional da Alfabetización.

5 de outubro - Día Mundial dos Docentes.

20 de novembro - Día Internacional da Infancia.

10 de decembro - Día dos Dereitos Humanos.

Para cada Día Mundial, prepararase un cartel que conste de:

- A. O seguinte título: "Hoxe é o Día Mundial / Internacional de..."
- B. Unha imaxe que dea boa conta do Día Mundial de que se trate (debuxo, foto, colaxe...).
- C. Pendurarase cada cartel, o día ou a semana que corresponda, nun lugar visible do centro.

Ademais faráselle unha foto ao cartel para poder enviarlla ás familias do grupo para que aprecien o traballo das vixiantes e que saiban que día celebramos.

A partir desta acción e en función de cada realidade, pódense desenvolver actividades complementarias, como construír en grupo unha Declaración sobre o tema do Día Mundial do que se trate (poesía, canción, etc.) ou outras que se consideren oportunas.

c) Avaliación.

- O que aprendemos sobre o dereito que traballamos?
- Cremos que se cumpre este dereito para tódalas nenas e nenos do mundo?
- Que podemos facer para axudar a que este dereito se cumpra?





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **Padriños/Madriñas Lectores/as.**

Duración: 40 minutos.

Grao de participación: ☆☆☆☆

Obxectivos:

- Facilitar espazos para que nenas e nenos sexan promotores da defensa dos Dereitos da Nenez.
- Fomentar a iniciativa de nenas e nenos na transmisión de coñecemento e aprender a participar en ámbitos diferentes á aula/entidade cos seus compañeiros/ás.

Materiais:

Conto de “Ramón o preocupón”

Desenvolvemento:

A través da historia de “Ramón o preocupón” o grupo converterase en contacontos do seu centro ou espazo de participación. Ramón é un preocupón que se angustia por mor dos zapatos, as nubes, a chuvia, os paxaros xigantes. Preocúpase tanto que non consegue durmir. Por sorte, a súa avoa sabe do que el precisa para vencer os seus medos. Unha vez que coñece o seu segredo, Ramón dáse de conta de que non debe preocuparse máis. (Anthony Browne S.L. Fondo de Cultura Económica de España).



Conto en SlideShare: <http://es.slideshare.net/Luisatdea/ramon-preocupon>

Vídeo Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=T36-d2J87Og>

Este conto incorpora unha componente intercultural moi importante: OS TIRAPENAS. Propómosvos que investiguedes na aula:

- A que país pertencen os tirapenas?
- Coñecemos algo de Guatemala?
- A que cultura pertencen?
- Tiñas oído falar algunha vez antes desta cultura?

A actividade culmina cando padriños e madriñas contan os contos por diferentes aulas ou espazos do centro ou entidade; alén de aprenderen a contar este conto, poderán compartir a historia aprendida aos tirapenas e elaborar os seus para agasallárenllo ao seu apadriñado/amadriñado e que estes/as poidan explicar na casa o que significa ese pequeno boneco.

Como facer un boneco tirapenas?:

<http://conartecreo.blogspot.com.es/2011/07/munecos-quitapesares.html>

<http://vimeo.com/14651710>

A ter en conta:

O apadriñamento lector é un proxecto de animación á lectura, unha actividade incluída no currículo de todos os niveis e con carácter transversal. Consiste en que as persoas do grupo se constitúan en padriños/madriñas dos nenos e nenas de cursos ou idades inferiores (de infantil 3 anos a 5 anos) para compartir momentos de lectura. Así, as madriñas/padriños terán a función de leren contos de xeito elaborado, como mellora dos diversos contidos da lectura contribuíndo ás relacións interpersoais dos e das participantes e ao achegamento entre nenos e nenas de idades diferentes.

c) Avaliación.

Facendo unha roda, sentados, lánzanselle ao grupo as seguintes preguntas:

- Gustouvos este xeito de traballar?
- Como vos sentistes ao facer estas actividades?
- Hai alguén que non se teña sentido ben nalgún momento?
- Que foi o que máis vos gustou e o que menos?
- Credes que aprendestes algo coa actividade?





Sesión 1.

a) **O recuncho dos Dereitos.** Ver páxinas 26-27.

Duración: 10 minutos.

b) **En Defensa da Nenez.**

Duración: 50 minutos.

Grao de participación: ★★★★★

Obxectivos:

- Facilitar espazos para que nenas e nenos sexan promotores da defensa dos Dereitos da Nenez.
- Fomentar a iniciativa de nenas e nenos na creación e realización de actividades transformadoras, interiorizando o proceso.

Materiais:

- Computador/internet ou documentos sobre o Valedor do Pobo.
- Papel e material de escritura.

Desenvolvemento:

Pedimos aos nenos e nenas que pensen en alto que cousas descubriron a partir da actividade do Recuncho dos Dereitos. No encerado escríbense as diferentes achegas relacionadas cos dereitos que temos tódalas persoas: dereito á vida, dereito a unha vivenda, dereito a unha familia, dereito ao descanso, dereito a sermos ben tratados e a que nos respecten, etc.

Pomos en común que as características básicas destes dereitos é que son universais, non se pode renunciar a eles... e por iso os gobernos se comprometen en cumprilos e teñen mecanismos para protexelos (leis). No caso da infancia existe tamén a Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) como tratado internacional da Asemblea Xeral das Nacións Unidas que recoñece os dereitos humanos básicos dos nenos e as nenas.

Lembramos os catro principios fundamentais da Convención:

1. a non discriminación, 2. o interese superior do neno, 3. o dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento e; 4. a participación infantil.

En España existe unha figura perante a cal, tódalas persoas podemos acudir se vemos que os dereitos fundamentais non se cumpren, é o/a Valedor/a do Pobo. Investigamos quen é e de que xeito se poden presentar queixas. Escribimos unha queixa perante a Oficina do Valedor do Pobo tendo como tema os dereitos dos nenos e nenas que cremos que non se cumpren en calquera lugar.

c) **Avaliación.**


Facendo unha roda, sentados, lánzanselle ao grupo as seguintes preguntas:

- Gustouvos este xeito de traballar?
- Como vos sentistes ao facer esta actividade?
- Hai alguén que non se teña sentido ben nalgún momento?
- Que foi o que máis vos gustou e o que menos?
- Credes que aprendestes algo coa actividade?

A viaxe emprendida para coñecer os dereitos da infancia e a adolescencia cun enfoque de participación, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global é un proceso moi interesante para explorar e aprender a transformar realidades que afectan a nenos e nenas. Afóutase o acto de aprender, desde a transformación da nosa realidade, coa participación de tódalas persoas implicadas (xa sexan adultas, nenos e nenas).

A avaliación continua axúdanos a compartir as reflexións que teñan xurdido, a valorar os aspectos susceptibles de seren mellorados, a aprender dos posibles erros, alegrarse e felicitarse polos logros obtidos.

Non esquecer o Caderno de Campo ou
Caixa de Sentimentos en cada unha
das sesións das diferentes idades.





Sesión 1.

a) Conectar coa Experiencia.

Duración: 50 minutos.

Grao de participación: ★★★★★

Obxectivos:

- Profundizar en temas de comunicación e escoita como forma de participación.
- Aprender a comunicar aquilo que opinamos, sentimos e necesitamos.

Materiais:

- Reprodutor de música e altosfalantes.
- Folios.
- Rotuladores e ceras de cores variadas.

Desenvolvemento:

A persoa dinamizadora pregunta que experiencias positivas ou negativas tiveron ao longo do proceso e que queiran compartir. Para axudar a expresar a necesidade do neno/a perante esa situación ou a posibilidade de agradecer, dicir o que lle gusta, por que cre que é así, como lle gustaría que fose, que lle diría a esa persoa...póñense exemplos para que poidan animarse a expresar as súas opinións.

Con música pedimos que vaian camiñando polo espazo, primeiro para pensaren nas experiencias "negativas" ou que lles gustan menos e despois coas "positivas" ou que lles gustaron máis; irán camiñando devagar, en silencio e a pensar nesas situacións vividas anteriormente. Cando a música pare, convidamos a representar cun xesto inmóvil o sentimento ou algún xesto que nos saia, farémolo coas dúas situacións.

Despois escolleremos un espazo da sala e escribimos ou debuxamos nunha folla o que queremos comunicar das experiencias positivas e das negativas. É importante que poidan pasar da experiencia á expresión das necesidades que queren comunicar ou do que lles gusta e o que non, como se lle estivesen a falar directamente esas persoas

Deixamos que a música siga soando e colócanse os debuxos ou opinións escritas en dous lugares diferentes: nun lado as experiencias positivas e noutro as negativas, para pasar a comentar as opinións e sentimentos.

A ter en conta:

Ao comezar do proceso deseñamos "caixas de sentimentos" como ferramenta para que as persoas do grupo poidan incluír as súas opinións e sentimentos ao final de cada sesión, por isto é importante que se poidan resgatar e empregar como material de traballo para a dinámica de avaliación final. Tamén se pode repetir a dinámica incorporando preguntas sobre o proceso, por exemplo, a través das cuestións que se adxuntan na ficha modelo de avaliación no capítulo 6 RECURSOS, MATERIAIS COMPLEMENTARIOS E ANEXOS. Propostas de vídeos e xogos.

b) Avaliación.

Suxestións para a reflexión e avaliación da sesión:

- Como se senten cando lles preguntan sobre algo tan importante?
- Están afeitas a que lles fagan ese tipo de preguntas?
- Cren que as súas propostas poden axudar ás persoas que estean próximas a elas e eles?



Sesión 1.

a) **Deseñando Dianas.** (Anexo 6.8, modelo de diana).

Duración: 50 minutos.

Grao de participación: ★★★★★

Objetivo:

- Realizar unha avaliación participativa, deseñando colectivamente indicadores de forma dinámica.

Materiais:

- Rotafolio y papelógrafo.
- Rotuladores.
- Gometes.

Desenvolvemento:

Convídase a nenos e nenas a avaliaren o proceso levado a cabo para coñecer os Dereitos da Infancia así como para promover accións a favor dos mesmos, mediante unha diana que estará numerada por círculos concéntricos (de 1 a 10 sendo esta última puntuación a máis favorable que estará no centro da diana). Realízase de forma grupal unha listaxe de cuestións que queren valorar como por exemplo:

- O que aprendemos sobre Dereitos da Infancia e realidades da situación dos nenos e nenas noutros contextos.
- O que conseguimos respecto da situación inicial.
- O traballo do grupo.
- Os materiais que utilizamos nas sesións.
- O educador/a que nos acompañou.
- A diversión
- Etc.

Coas cuestións a valorar que teñan xurdido realízanse seccións na diana. Unha vez deseñadas as dianas coas súas cuestións a valorar, faise un convite para que os nenos e nenas “apunten” coas súas opinións á diana, anotando a súa puntuación en cada sección (tema a avaliar) e na zona do anel circular que corresponde coa súa valoración de 1 a 10, cun gomet ou cun rotulador marcando un punto.

Ao remate, visualízanse graficamente os resultados e comentan en grupo onde é que hai maior concentración de puntuacións en cada temática a avaliar. Pídense opinións sobre as cuestións que chamen a atención (puntuacións moi baixas ou moi altas) e suxestións de que cousas se poderían ter mellorado para que as puntuacións baixas puidesen subir.

Avaliación:

a actividade en si mesma é unha avaliación.

A ter en conta:

Ao comezar o proceso desenvolvemos un "caderno de campo" como ferramenta para que as persoas do grupo poidan incluír as súas opinións e sentimentos ao remate de cada sesión, polo que é importante que se rescaten como material de traballo para a dinámica de avaliación final. Se xurdiren moitas cuestións a valorar, pódense deseñar diferentes dianas. Posteriormente pódense utilizar os resultados das dianas para expor os resultados graficamente.

Alén da listaxe de cousas que os nenos e nenas decidan avaliar, as/os educadores poden completar con outras cuestións que lles pareza importante avaliar.



Sesión 1.

a) Seis chapeus para pensar.

Duración: 50 minutos.

Grao de participación: ★★★★★

Obxectivos:

- Fomentar o pensamento crítico e creativo para a análise e avaliación de ideas, accións ou propostas de futuro.

Materiais:

- Chapeus de cores en cartolinas.
- Rotafolio e papelógrafo ou encerado.
- Rotuladores.

Desenvolvemento:

Esta é unha adaptación da dinámica “seis chapeus para pensar”, do doutor Edward de Bono, que originariamente se utiliza como metodoloxía para resolver problemas. Deséñanse chapeus con cartolinas de cores como conos ou gorros de gnomos. As cores representan:

- Amarelo: pensamento positivo, optimismo, construtivo.
- Gris: pensamento negativo, avogado do diaño.
- Branco: pensamento obxectivo, feitos, datos concretos (sen amosar emocións nin valoracións positivas ou negativas).
- Vermello: expresión de emocións e sentimentos, intuición.
- Azul: pensamento moderado, control, dá razóns.
- Verde: pensamento creativo, dá alternativas.

Para comezar convídase ao grupo a realizar de forma colectiva unha listaxe de temáticas ou cuestións que queiran avaliar do proceso: o tempo, os materiais, educadores/as, resultados obtidos, o aprendido, etc.

Posteriormente divídese o grupo en 6 subgrupos e repártese un chapeu por cada subgrupo.

Para cada tema a avaliar pídese que cada subgrupo pense independentemente en valoracións adoptando o seu rol dependendo da cor de chapeu. Con tódalas opinións dos subgrupos e realízase un pequeno debate para extraer conclusións.

Para cada ronda de avaliación dunha temática, pídese que muden de chapeu, para que cada subgrupo poida verse nunha forma de pensamento diferente. A persoa dinamizadora vai anotando os resultados dos debates nun encerado ou papelógrafo para rexistrar os resultados das rondas de avaliación e debate. Ao remate da sesión establécese un debate sobre as cuestións que máis lles teñan chamado a atención da dinámica.

Avaliación:

A actividade en si mesma é unha avaliación.

A ter en conta:

Ao comezar o proceso desenvolvemos un “caderno de campo” como ferramenta para que as persoas do grupo poidan incluír as súas opinións e sentimentos ao remate de cada sesión, polo que é importante que se rescaten como material de traballo para a dinámica de avaliación final. Dependendo do nivel do grupo pódese adaptar e abreviar, utilizando menos chapeus.





E ao remate deste proceso, que facemos?: o comezo dun novo ciclo de aprendizaxe

Ao comezo da Guía, no Capítulo 4, faciamos un convite a desenvolver unha metodoloxía baseada na participación como proceso educativo, a través da Investigación e a Acción Participativa.

O ideal é que de forma grupal (nenos, nenas e persoas adultas participantes) analicen os resultados e valoracións obtidos ao longo do camiño emprendido a partir das diferentes ferramentas de observación e valoración (caderno de campo, caixas de sentimentos, dinámicas propostas para aprender da práctica e mesmo dun cuestionario final). Nun marco de diálogo, debate e encontro, cunha linguaxe adaptada a cada contexto, pódese reflexionar sobre o que pasou de xeito significativo para o grupo, tanto de forma xeral coma particular: o que temos conseguido e aquilo que quedou polo camiño, os acertos mailos posibles erros; o que nos fixo sentir ben ou o que non tanto...

Volvemos insistir en que reflexionando sobre a práctica é cando xorden as aprendizaxes. Mesmo dos resultados que nos fan sentir mal, se poden aprender e crear estratexias para dar cabo de novos camiños con alternativas creativas. Moitas veces, experiencias con resultados aparentemente negativos, tómanse como novo punto de partida e daquela xorden procesos que empoderan os grupos cando se superan as dificultades. A través de achegas e suxestións grupais, propóñense novos proxectos con interesantes innovacións. As comunidades educativas que se adaptan e son flexibles, poden saír reforzadas perante situacións non favorables: é o que se coñece como resiliencia.

A educación emocional e a educación para a resiliencia con nenos, nenas e adolescentes posúe un gran interese nun mundo coma o actual que experimenta grandes mudanzas de xeito constante.







Propostas de vídeos e xogos.

6.1. Sobre Dereitos da Infancia:

- Convención en catro versións:
<http://plataformadeinfancia.org/sites/default/files/Cuaderno%209-12%20Web.pdf>
- Unicef: <http://www.unicef.es/actualidad-documentacion/noticias/aprender-en-clase-sobre-los-derechos-de-la-infancia>
- Amnistía: <http://amnistiacatalunya.org/edu/carpeta3/es/index.html>
- Ararteko: http://www.ararteko.net/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/1_2043_3.pdf
- Compasito, manual de educación en dereitos (Ver actividade dereitos da infancia dentro do Recuncho dos Dereitos).

6.2. Sobre Investigación Acción Participativa:

- Fals Borda, O. *Conocimiento y poder popular*. Siglo XXI-Punta de Lanza: Bogotá, 1985.
- VV.AA. *La investigación social participativa*. Ed. El Viejo Topo: Barcelona, 2000.
- Latorre, A. *A investigación-acción. Coñecer e mudar a práctica educativa*. Graó: Barcelona, 2003.
- Martí, Joel. *La investigación-Acción-Participativa. Estructura i fases*: 1998.
- López de Ceballos, P. *Un Método Para La Investigación-Acción Participativa* (3ª Ed.) Edit. Popular: Madrid, 1998.
- Basagoiti Rodríguez, M.; Bru Martín, P.; Lorenzana Alvarez, C. *IAP de bolsillo: manual sobre Investigación-Acción-Participativa*. Red Cimas: 2001.

6.3. Algúns materiais sobre metodoloxías participativas:

- Jares, Xesús R. *El placer de jugar juntos. Nuevas técnicas y juegos cooperativos*. (4), 1992, p. 71. Editorial CCS: Madrid, 2001.
- Villasante, Tomás R. *Redes de vida desbordantes. Fundamentos para el cambio desde la vida cotidiana*. Catarata: Madrid, 2014.
- Varias autoras: *Metodologías Participativas, Manual*. CIMAS: 2010.
- Varias autoras: *La Pedagogía de la Decisión*. CIMAS – Ayuntamiento de Sevilla. Colección Construyendo Ciudadanía 10: Sevilla, 2006.
- Moreno Mejías, A. *Creando Futuro*. Diputación de Sevilla – CRAC: Sevilla, 2007.

6.4. Contos:

- PEQUEÑO AZUL Y PEQUEÑO AMARILLO https://www.youtube.com/watch?v=_Z9QE5yFKjY

Leo Lionni, S.L. Kalandraka Ediciones Andalucia, 2012

- Descargando este conto no noso móbil ou tablet podemos traballar na casa ben sendo os pais e nais os que contan o conto ou ben mudando o rol habitual e que sexa o noso alumno/a o que poida contar este conto aos seus pais e explicarlle o que aprendeu na aula. Para a súa descarga:

<http://www.dadacompany.com/apps/por-cuatro-esquinitas-de-nada/>

- CONTO: POR CUATRO ESQUINITAS DE NADA (JÉRÔME RUILIER)

Cadradiño xoga cos seus amigos Redondiños.

¡Ring! É hora de entrarmos na casa grande.

Pero Cadradiño non consegue entrar! Non é redondo coma a porta.

Cadradiño está triste.

Devece por entrar na casa grande.

Entón, alárgase, tórcese, ponse cabeza abaixo, dóbrase. Pero segue sen poder entrar.

-Sé redondo! - Dinlle os Redondiños.

Cadradiño téntao con todas as súas forzas.

-Telo que crer!- din os Redondiños.

-Son redondo, son redondo, son redondo...- repite Cadradiño. Pero non hai nada que facer.

-Pois haberemos ter que che cortar os cantos! - din os Redondiños.

Oh, non! - di Redondiño. Doeríame moito!

Que podemos facer?

Os Redondiños reúnen na sala grande. Falan durante moito, moito tempo. Ata que comprenden que non é Cadradiño quen ten que mudar.

É a porta!

Entón, recortan catro cantiños, catro cantiños de nada...que permiten a Cadradiño entrar na casa grande...xunto a tódolos Redondiños.

https://www.youtube.com/watch?v=DBjka_zQBdQ (contado por nenos/as) ou este

<https://www.youtube.com/watch?v=YqRSgJFbJ1c> (contado por unha contacontos).





6.5. Ficha adiviñanzas detective despistado.

Adiviñanzas

- Branca por dentro, verde por fóra. Se queres que cho diga, agarda.
(A pera).
- Branco é, a galiña o pon, con aceite se frite e con pan se come.
(O ovo).
- Lentes pequerrechiñas, mozas ou vellas: se queres tómanos, se non, déixanos.
(As lentellas).
- Unha vella engurradiña que cando moza daba viño e agora é froitiña.
(A pasa).
- Redondo coma a lúa e branco coma a cal; fanme co leite puro e xa non che digo máis. Que é?
(O queixo).
- Non toma té, nin café, e vira encarnado, dime, quen é?
(O tomate).
- Verde me criei, loiro me cortaron, preto me moeron, branco me amasaron.
(O trigo).
- Téñenme por santa e comigo traio o día, son redonda e encarnada e teño o sangue frío, quen son?
(A sandía).
- Leva chapeu verde e blusa alaranxada, que é?
(A cenoria).
- Agre é o sabor del, bastante dura a súa pel. Se o queres tomar, tes que estrullalo ben.
(O limón).
- Teño ollos, mais non vexo, sonche laída e engurrada e a vivir sen ver a luz estouche afeita.
(A pataca).
- Redondos coma bólas, dunha cor verde intensa, colares de perlas somos no medio dun prato inmenso.
(Os chícharos).
- Ten un chapeu pero non ten cabeza, ten un pé mais non ten pernas. Que é?
(O cogumelo).
- Ouro parece, prata non é, con estas pistas adiviña o que é.
(O platáno).
- Son redondiña e verdiña e estou chea de folliñas.
(A leituga).
- Canto máis quente, máis fresco e crocante. Quen son?
(O pan).
- Eu son o máis completo de tódolos alimentos, branca a cor teño e non son un invento.
(A leite).
- Son branco coma a neve e dóce coma o mel, alegre os pasteis e o leite con café.
(O azucre).
- Dígocho e repítocho e débocho avisar, que por máis que cho diga non o vas adiviñar.
(O té).
- Son ave e teño lá, mais non teño bico nin ás.
(A avelá).
- Unha señora moi enseñorada, con chapeu verde e saia morada.
(A berenxena).

6.6. Cartas de necesidades e desexos



ORDENADOR E ACCESO A INTERNET



BO TRATO E NON DISCRIMINACIÓN



MEDIO AMBIENTE LIMPO



TELÉFONO MÓBIL



REFresco E HAMBURGUESA



OPORTUNIDADE DE XOGAR E DESCANSAR



UN FOGAR CONFORTABLE



ROUPA DE MODA



VACACIÓNS NA PRAIA



COMIDA SA



PROTECCIÓN ANTE CALQUERA ABUSO



EDUCACIÓN



MÉDICOS



BICICLETA



CARAMELOS



XOIAS



MP3



ROUPA DE ABRIGO



6.7. Mapas:

Mapa de Peters ao revés.

<http://static.naukas.com/media/2012/05/1-PetersMap2.jpg>

Proxección de Mercator.

http://en.wikipedia.org/wiki/Mercator_projection#mediaviewer/File:Mercator_projection_SW.jpg

O mundo de noite.

<http://www.thepoliticalcesspool.org/jamesedwards/wp-content/uploads/2014/05/Worldatnight.jpg>

Mapa China.

http://xcmoulds.com/upload/Image/contact_map/world_en.jpg

O poder dos Mapas:

http://www.dailymotion.com/video/x103nv2_proyecto-worldmapper-el-poder-de-los-mapas_school
(vídeo para o/a docente)

Outros mapas:

Acceso á Educación Primaria das nenas

<http://www.worldmapper.org/images/largepng/201.png>

Desnutrición Infantil

<http://www.worldmapper.org/images/largepng/182.png>

Traballo Infantil

<http://www.worldmapper.org/images/largepng/135.png>






6.8 Modelo Diana Avaliativa.

DIANA PARA AVALIACIÓN

Está sempre no seu grupo

Respecta a quenda de palabra



Aporta ideas ao grupo

Respecta o ton de voz





6.9. Ficha de Avaliación.

Ola,! Despois dun tempo a traballares cos Dereitos da Infancia e a súa situación en diferentes lugares do mundo, ben seguro que terás vivido e aprendido unha morea de cousas. Sería moi interesante que puideses compartir as túas opinións co resto de compañeiros e compañeiras do grupo. Así tamén poderemos aprender das opinións dos demais e mellorar para próximas aventuras! Anímaste?

Por favor, le amodiño as cuestións e posteriormente sinala cun círculo as respostas que mellor acaen coa túa opinión ou sentimento:

- O interese e motivación que amosou o noso grupo foi:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- O interese dos temas que tratamos sobre Dereitos da Infancia foi:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- As actividades, dinámicas, xogos parecerónme:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- A diversión foi un aspecto:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- Os resultados e logros que conseguimos sobre Dereitos de Infancia foron:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- A duración das sesións foi:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- Os lugares onde realizamos as actividades parecerónme:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- Os materiais que empregamos parecerónme:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- O traballo do educador/a pareceume:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

- En xeral, sentínme:

☐ moi baixo ☐ baixo ☐ medio ☐ alto ☐ moi alto

Valoracións xerais:

- O que máis me gustou:.....

- O que menos me gustou:.....

- O que mudaría en parte:.....

- O que tanto me ten:.....

- Outras ideas ou opinións que queiras compartir:.....

Moitas grazas polo teu traballo, ideas, colaboración...!

Ata máis nos ver!

Queremos expresar o noso especial agradecemento ás nenas e nenos que xunto cos seus profesores e educadoras participaron na elaboración deste material, probando, validando e mellorando as actividades:

- Foro Infantil de Rivas Vaciamadrid (Madrid)
- Kukua –proxecto de apoio escolar para nenos e nenas en risco de exclusión social de Getxo (Biscaia)
- Agora – Sant Cugat (Catalunya)
- Consello de Infancia de Mataró (Catalunya)
- Colegio Santiago Apóstol – Cabanyal (Valencia)









A EMOCIÓN DE APRENDERMOS A TRANSFORMAR

Dereitos da Infancia e participación

A participar apréndese participando,
por iso, este material invítache a practicar
esa participación e a sentir a emoción de
transformar o mundo a través
da túa participación

